

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 20 DE ABRIL DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 20 de abril de 2015.

HORA DE COMEZO: 20:05 h.

HORA DE REMATE: 20:55 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D. Bernardino Faro Lagoa, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D^a M^a Lucía Ledo Fernández e D. Jesús Manuel Graña Graña.

AUSENTES: D^a Berta Pérez Hernández.

SUPLENTES: D. Francisco Javier Soliño Soliño e D^a M^a Luisa Prieto Rial.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
REALIZADA O DÍA 9 DE MARZO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 9 de marzo de 2015.

URBANISMO E VIVENDA

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 16 DE ABRIL DE
2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE
OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local

acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.I. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen

ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

MAIORES

EXPEDIENTE Nº 23.706.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.453.- A Dominique Gagnon e James Fobert, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras deberán axustarse igualmente a resolución da autorización autonómica, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de 12 de setembro de 2.013.

EXPEDIENTE Nº 25.360.- A Emilio Torres Soliño, para en Vincenti 11 - Cangas, rehabilitar o primeiro andar en 155,81 m² para 2 oficinas e o segundo andar en 155,81 para vivenda e cambiar a configuración da cuberta, de conformidade co proxecto do arquitecto José Luis Domínguez González, visado o 28 de novembro de 2.014 e planos modificados visados o 27 de febreiro de 2.015 e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispon: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos das fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materias moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración armonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

EXPEDIENTE Nº 23.7 60.- DACION DE CONTA DA LICENZA MUNICIPAL Nº 22.881.- Dase conta a Xunta de Goberno Local do informe da Xefa do Servizo

de Urbanismo, de data 10 de abril de 2.015, no que se indica que a referida licenza segue en vigor, o non terse declarada expresamente a súa caducidade, de conformidade co disposto no art. 197 da Ley 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 21.206.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR AGUSTIN FERNANDEZ GARCIA.- A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto pola Arquitecta da Oficina de Rehabilitación, con data 10 de abril de 2015, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Agustin Fernandez García, para vivenda, sita en Derribo 74 - Cangas, construída o abeiro da licenza municipal Nº 21.086.

EXPEDIENTE Nº 24.332.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR EVANGELINA CASAL RODAL.- A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto pola Arquitecta da Oficina de Rehabilitación, con data 10 de abril de 2015, acordou: a') outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Evangelina Casal Rodal, para vivenda, sita en Avda. Castela 11 - Cangas, construída o abeiro da licenza municipal Nº 23.281.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓN PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.149.- GAS GALICIA S.D.G., canalización en Ramón Franco - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.262.- Urbano Perez Alvarez, cerco en Outeiro - Balea - Darbo.

EXPEDIENTE nº 25.401.- José Manuel Cordeiro Piñeiro, acondicionamento de local en Carlos Casares 2 - Coiro. EXPEDIENTE Nº 25.418.- Miguel Rodríguez Díaz, cerco en Cunchido 27 - Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.419.- Josefa Otero Costas, reparación exterior vivenda en Parada 25 - Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.424.- GAS GALICIA S.D.G., canalización en Sol 29 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.425.- Clemente Bernárdez Fonseca, cerco en Cunchido 1 - Darbo.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 1.792.- Irene Muñoz Diaz, cambio titularidad comercio roupa en Sol 19 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.810.- Maria Celia Fernandez Refojos, cambio titularidade frutería en Manuel Graña 13 - baixo - Cangas.

4º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

4.A) PROPOSTA DO INSTRUCTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 23/2011-S

Dase conta de proposta do instrutor do día 15.4.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 23/2011-S, que é como segue:

"PROPOSTA DO INSTRUCTOR PARA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXPEDIENTE SANCIONADOR Nº 23/2011-S

ASUNTO: resolución recurso de revisión

De conformidade co previsto nos artigos 172 e 175 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais emito o seguinte INFORME con base nos seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- O día 10 de abril de 2015, rexistro de entrada nº 4368, EDUARDO IGLESIAS OTERO, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Ourense, nº 27-5ºE-Cangas, presenta RECURSO EXTRAORDINARIO DE REVISIÓN contra o acordo da Xunta de Goberno Local do día 1 de abril de 2013, polo que se lle impuxo unha sanción de 6.001 €, polas obras realizadas no lugar de Espiñeira-Aldán, consistentes nun cerramento sen axustarse á aliñación.

SEGUNDO.- O día 5 de xuño de 2013 publicouse no BOP de Pontevedra nº 107 a notificación efectuada pola que se acordaba a imposición a EDUARDO IGLESIAS OTERO, na súa calidade de promotor e responsable directo da infracción descrita no expediente, dunha sanción de 6.001 euros, pola obras realizadas no lugar de Espiñeira-Aldán, consistentes nun cerramento sen axustarse á aliñación, logo do intento de notificar individualizadamente a referida sanción no seu enderezo e de que a notificación non fora recollida, como queda acreditado no expediente.

Durante toda a tramitación do expediente sancionador non se formularon alegacións.

TERCEIRO.- Durante a tramitación do expediente de reposición de legalidade a resolución do día 3 de novembro de 2011 considerou as obras ilegalizables e decretouse a súa demolición.

"CUARTO.- Da documentación que consta no expediente identifícase na acta de inspección urbanística do día 1 de xuño de 2011, levantada polo inspector Angel M. Graña Iglesias, como infractor a EDUARDO IGLESIAS OTERO.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA).*
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas.*
- Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia (RDU).*
- Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- Visto o artigo 72 do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia: 'Nas obras executadas sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables destas en calidade de promotor/a, empresario/a das obras e técnico/a director/a destas.'

II.- I- Visto o artigo 137.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro: '... os feitos constatados por funcionarios aos que se recoñece a condición de autoridade, e que se formalicen en documento público observando os requisitos legais pertinentes terán valor probatorio sen prexuízo das probas en defensa dos respectivos dereitos e intereses que poidan sinalar ou aportar os propios administrados.'

Visto o artigo 112 do RDU: 'As actas levantadas polo persoal de inspección e vixilancia urbanística en exercicio das competencias propias en materia de disciplina urbanística que cumpran os requisitos do artigo seguinte terán valor probatorio dos feitos que se reflicten nesta e foran comprobados personalmente

por aqueles, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos e intereses poidan sinalar ou aportar os propios administrados.'

Consta no expediente informe do arquitecto municipal do día 2 de outubro de 2012, no que tipifica as obras executadas como graves, de conformidade co establecido no artigo 217.3 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

O recurso de revisión presentado segundo o teor literal da lei solamente procede (Art. 118 e ss. da Lei 30/1992, do 26 de novembro) contra actos firmes en vía administrativa, fronte o órgano que os ditou, que será tamén o competente para a súa resolución, cando concorran algunha das circunstancias seguintes:

- Que o ditalos se incorrese nun erro de feito, que resulte dos propios documentos incorporados ó expediente.*
- Que aparezan documentos de valor esencial para a resolución do asunto que, aínda que sexan posteriores, evidencien un erro da resolución recorrida.*
- Que na resolución influísen documentos ou testemuñas declarados falsos por sentenza xudicial firme, anterior ou posterior daquela resolución.*
- Que a resolución se ditase como consecuencia de prevaricación, suborno, violencia, maquinación fraudulenta ou outra conducta punible e así se declarase en virtude de sentenza xudicial firme.*

O artigo 119 do mesmo texto legal establece que o órgano competente para a resolución do recurso poderá acordar motivadamente a inadmisión a trámite, sen necesidade de solicitar ditame do consello de estado ou órgano consultivo da comunidade autónoma, cando este non se fundamente nalgunha das causas previstas no apartado 1 do artigo anterior ou no caso de que se houberen desestimado en canto ao fondo outros recursos sustancialmente iguais.

O expediente sancionador iniciouse por acordo da Xunta de Goberno Local do día 5 de novembro de 2012 e resolveuse o 1 de abril de 2013, publicándose o referido acordo o día 5 de xuño de 2013 no BOP de Pontevedra.

A infracción considerouse como grave, polo que o prazo para a prescrición da sanción é de seis anos, visto o disposto no artigo 218 da LOUGA, que non transcorreron no expediente en trámite.

Visto que o interesado non aporta ningunha documentación que permita informar que ao ditalo se incorrese nun erro de feito, nin concorre ningunha das circunstancias previstas no artigo 118 da Lei 30/ 1992, do 26 de novembro, para a estimación deste.

II.- A competencia para a resolución do recurso de revisión é do órgano que ditou a resolución obxecto de recurso, neste caso Sr. alcalde-presidente, que delegou na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores, visto o Decreto de Alcaldía do día 16 de xuño de 2011.

De conformidade cos antecedentes expostos formúlase a seguinte:

Proposta de resolución

PRIMEIRO.- Inadmitir o RECURSO EXTRAORDINARIO DE REVISIÓN interposto por EDUARDO IGLESIAS OTERO, xa que non se cumpren os requisitos establecidos no artigo 118 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, para a estimación deste, confirmando o acordo da Xunta de Goberno Local do día 1 de abril de 2013 en todos os seus termos.

SEGUNDO.- Dar traslado do acordo adoptado aos interesados para os efectos oportunos, tamén ao departamento de Tesourería para que continúe cos trámites pertinentes.

Malia isto, a Xunta de Goberno co seu superior criterio resolverá o que estime mais procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 23/2011-S.

5º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL REALIZADA O 14.3.15, REFERENTE Á AREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CASCO VELLO DE CANGAS (PLAN ESTATAL DE FOMENTO DO ALUGAMENTO DE VIVENDAS, A REHABILITACIÓN EDIFICATORIA E A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS 2013-2016. ANUALIDADE 2015)

Examinado o Acordo da Comisión Bilateral, asinado o día 14.3.15, referente á Área de rexeneración e renovación urbana do Casco vello de Cangas (Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración urbanas 2013-2016 Anualidade 2015).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do Acordo da Comisión Bilateral, asinado o día 14.3.15, referente á Área de rexeneración e renovación urbana do Casco vello de Cangas (Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración urbanas 2013-2016 Anualidade 2015).

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do convenio de referencia aos departamentos de Urbanismo e Intervención.

SUBVENCÍONS

6º.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL S/RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDA POLO PROGRAMA DE MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL 2014-2015

Dáse conta de escrito da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ao que se achega resolución do director xeral de Agader de concesión de axuda ao Concello de Cangas, por importe de OITENTA E CINCO MIL NOVECENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON OITO CÉNTIMOS (85.992,08 €), para a realización da obra "PAVIMENTACIÓN PINTÉNS-MENDUÍÑA", dentro do Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015 (expediente nº PM14-32132-0053).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda tomar coñecemento da referida resolución de concesión de axuda ao Concello de Cangas, por importe de OITENTA E CINCO MIL NOVECENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON OITO CÉNTIMOS (85.992,08 €), para a realización da obra "PAVIMENTACIÓN PINTÉNS-MENDUÍÑA", dentro do Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

7º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

7.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
BRÍGIDA SOAGE GUIMERÁNS	O Espírito Santo, nº 32-Coiro. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

"FAB 2013 TEIDE FONDO DE ACTIVOS BANCARIOS"	R/Andalucía, nº 8-10-Cangas. Un sinal para o portal do bloque A; e outro sinal para o portal do bloque B. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretenden instalar os referidos sinais.</u>
---	--

7.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN NA DEVESA-COIRO

Dáse conta de informe emitido o día 13.4.15 pola Policía Local, referente a sinalización na Devesa-Coiro, no que se indica o seguinte:

"R.S.-515/15

A Xefatura da policía local de Cangas por medio do presente informe fai constar:

Que con relación a pedimentos de CARMEN BERNARDEZ QUEIMAÑO, sobre sinalización na Devesa-Coiro, por parte da policía púidose comprobar que xa existe sinalización vertical de prohibido estacionar á altura do número 5 e tamén están pintados varios tramos de liña amarela nese mesmo tramo.

Que para evitar os problemas de estacionamento que se están dando nesa zona CONSIDERAMOS que se debería ter pintado a delimitación da calzada nos dous laterais, xa que o eixe central non é posible polo escaso ancho de vía, con sinalización horizontal lonxitudinal."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local, referente a sinalización na Devesa-Coiro.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Policía Local e Oficina Técnica.

PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

8º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E A "ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO IGREXARIO-FONTENOVA" S/ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ZONA DO IGREXARIO E DA IGREXA DO HÍO

Visto o convenio asinado o día 15.4.15 entre o Concello de Cangas e a "ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO IGREXARIO-FONTENOVA", para o acondicionamento e mellora da zona do Igrexario e da Igrexa do Hío.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do convenio asinado o día 15.4.15 entre o Concello de Cangas e a "ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO IGREXARIO-FONTENOVA", para o acondicionamento e mellora da zona do Igrexario e da Igrexa do Hío.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do convenio de referencia aos departamentos de Urbanismo e Intervención.

9º.- COMUNICACIÓNS VARIAS DE XUBILACIÓN DE PERSOAL DO CONCELLO

9.A) ESCRITO DE BENJAMÍN COSTAS GONZÁLEZ

Dase conta do escrito presentado o día15 por BENJAMÍN COSTAS GONZÁLEZ, no que comunica que é funcionario do Concello de Cangas, coa categoría de, e por dar por finalizada o día15 a súa vida laboral, solicita se lle tramite a xubilación regulamentaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda conceder a baixa laboral, por xubilación regulamentaria a partir do día15, a BENJAMÍN COSTAS GONZÁLEZ no Concello de Cangas e, así mesmo, trasladarlle o agradecemento da corporación municipal polos servizos prestados.

9.B) ESCRITO DE CARLOS CÓRDOBA SOLLA

Dase conta do escrito presentado o día CARLOS CÓRDOBA SOLLA,.....15 por, no que comunica que é funcionario do Concello de Cangas, coa categoría de, e por dar por finalizada o día15 a súa vida laboral, solicita se lle tramite a xubilación regulamentaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda conceder a baixa laboral, por xubilación regulamentaria a partir do día15, a CARLOS CÓRDOBA SOLLA no Concello de Cangas e, así mesmo, trasladarlle o agradecemento da corporación municipal polos servizos prestados.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/REMISIÓN DE MODELO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/REALIZACIÓN DO PROXECTO "PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS NA E.P. 1005 VISO-O HÍO, P.K. 0+000 A 1+000 (CANGAS)"

Dáse conta de escrito da Deputación Provincial de Pontevedra no que achegan modelo de convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e a Deputación Provincial de Pontevedra, referente a realización do proxecto "PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS NA E.P. 1005 VISO-O HÍO, P.K. 0+000 A 1+000 (CANGAS)".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o modelo do convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e a Deputación Provincial de Pontevedra, referente a realización do proxecto "PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS NA E.P. 1005 VISO-O HÍO, P.K. 0+000 A 1+000 (CANGAS)".

SEGUNDO.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente para a sinatura do convenio de referencia.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra, así como aos departamentos municipais de Urbanismo e Intervención.

B) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 20.4.15, referente a aprobación do expediente de contratación do servizo de balizamento das praias do Concello de Cangas, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 23.03.2015 polo que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato de servizo de balizamento das praias do Concello de Cangas.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta licitación.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte, ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación de servizo de balizamento das praias do Concello de Cangas, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.

Segundo.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención."

A N E X O I:

"PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP) QUE REXERÁ A LICITACIÓN PARA CONTRATAR, MEDIANTE PROCEDUREMTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, O SERVIZO DE BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS

I.- ELEMENTOS DO CONTRATO

CLÁUSULA 1ª.- Obxecto, cualificación do contrato e réxime xurídico.

CLÁUSULA 2ª.- Valor estimado do contrato e orzamento de licitación.

CLÁUSULA 3ª.- Existencia de crédito e financiamento do contrato.

CLÁUSULA 4ª.- Duración do contrato.

CLÁUSULA 5ª.- Revisión de prezos.

CLÁUSULA 6ª.- Capacidade para contratar.

CLÁUSULA 7ª.- Solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

7.1.- Solvencia económica e financeira

7.2.- Solvencia técnica

CLÁUSULA 8ª.- Garantías.

CLÁUSULA 9ª.- Órgano de contratación

CLÁUSULA 10ª.- Consulta do expediente e perfil do contratante.

II.- PROCEDUREMTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 11ª.- Proceduremto de adxudicación.

CLÁUSULA 12ª.- Prazo, lugar e forma de presentación de documentación

CLÁUSULA 13ª.- Mesa de contratación.

CLÁUSULA 14ª.- Cualificación da documentación xeral e apertura de proposicións

CLÁUSULA 15ª.- Criterios de adxudicación.

CLÁUSULA 16ª.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.
CLÁUSULA 17ª.- Criterios para resolver eventuais empates.
CLÁUSULA 18ª.- Requirimento previo á adxudicación do contrato
18.1.- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos
18.2.- Documentación necesaria para a adxudicación do contrato
CLÁUSULA 19ª.- Adxudicación e formalización do contrato
CLÁUSULA 20ª.- Renuncia

III.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 21ª.- Sucesión na persoa do contratista.
CLÁUSULA 22ª.- Modificación do contrato
CLÁUSULA 23ª.- Obrigas do adxudicatario.
CLÁUSULA 24ª.- Pago do prezo e facturación electrónica.
CLÁUSULA 25ª.- Execución defectuosa e demora. Penalidades.
CLÁUSULA 26ª.- Prazo de garantía e liquidación do contrato.
CLÁUSULA 27ª.- Resolución do contrato
CLÁUSULA 28ª.- Gastos
CLÁUSULA 29ª.- Prerrogativas da Administración
CLÁUSULA 30ª.- Xurisdición competente.

IV.- ANEXOS

ANEXO I.- Modelo de declaración responsable
ANEXO II.- Modelo de proposición económica
ANEXO III.- Modelo de institución financeira (solvenca económica)
ANEXO IV.- Modelo de aval

I.- ELEMENTOS DO CONTRATO

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO, CUALIFICACIÓN DO CONTRATO E RÉXIME XURÍDICO

1.1.- É obxecto do presente contrato a prestación do servizo de instalación, mantemento, retirada, transporte e almacenamento dun sistema de balizamento nas praias de Concello de Cangas cuxas especificacións técnicas se recollen no Prego de Prescricións Técnicas (en adiante PPT).

1.2.- Código da nomenclatura CPV (Vocabulario Común de Contratos da Comisión Europea) aplicable ao contrato: 63724310-6 ? servizos de balizado con boias.

1.3.-Atendendo á natureza da prestación obxecto deste contrato, este ten a consideración de contrato administrativo de servizos de conformidade co disposto no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP).

1.4.- Necesidades administrativas a satisfacer:

As necesidades administrativas a satisfacer coa subscripción deste contrato é a de cumprir coa obriga legal de ordenar e compatibilizar os diferentes usos lúdicos coas zonas reservadas aos bañistas nas praias de Cangas, garantindo así a seguridade nas zonas de baño.

1.5.- O presente contrato rexerese polo disposto neste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no de Prescricións Técnicas, que revestirán carácter contractual. O contrato que se asine axustarase ao contido deste prego cuxas cláusulas considéranse parte integrante do mesmo. No caso de discordancia entre o presente prego e calquera dos restantes documentos contractuais, prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

No non previsto neste prego, o contrato rexerese polas seguintes normas:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.*
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local.*
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.*

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista do seu cumprimento.

CLÁUSULA 2ª.- DURACIÓN DO CONTRATO.

O prazo de duración do contrato será de DOUS ANOS susceptible de dúas prórrogas de carácter anual, que deberán ser acordadas expresamente pola Xunta de Goberno Local, en cuxo caso será obrigatoria para o adxudicatario salvo renuncia expresa que deberá realizar por escrito cunha antelación non inferior a 90 días naturais á data de vencemento do contrato.

CLÁUSULA 3ª.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN.

3.1.- O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 145.950,40 € de acordo co disposto no artigo 88-TRLCSP o cal dispón que o valor estimado dos contratos virá determinado polo importe total sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), e tendo en conta as eventuais prórrogas do contrato.

3.2.- O orzamento máximo previsto para cada anualidade é o seguinte:

- Orzamento base de licitación (IVE excluído).....36.487,60 €
- Imposto sobre o Valor Engadido (IVE 21%).....7.662,40 €
- Prezo máximo (anual) do contrato.....44.150,00 €

As proposicións económicas dos licitadores non poderán exceder deste orzamento máximo, no que se inclúen todo tipo de impostos, taxas e gastos aplicables.

3.3.- O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluírá como partida independente o IVE que deba soportar o Concello. No prezo do contrato consideraranse incluídos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego, como son os gastos financeiros, beneficios, seguros, transportes e desprazamentos, e honorarios do persoal ao seu cargo que realice os traballos.

CLÁUSULA 4ª.- EXISTENCIA DE CRÉDITO E FINANCIAMENTO DO CONTRATO.

O contrato finánciase con fondos propios do Concello, para o cal consta a oportuna consignación de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 2015/172.22799.01 do vixente orzamento municipal para o ano 2015, e deberá consignarse a cantidade que corresponda no orzamento de cada un dos exercicios aos que se estenda a vixencia do contrato.

CLÁUSULA 5ª.- REVISIÓN DE PREZOS

Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos nun 20 % do seu importe. Aplicarase o seguinte sistema de revisión:

- *Só serán obxecto de revisión de prezos a porcentaxe que representen os gastos de persoal na estrutura de custes do contrato; o resto dos conceptos que compoñan esta estrutura de custes non se revisaran.*
- *Os prezos revisaranse sempre e cando se modifiquen as táboas salariais establecidas no convenio colectivo estatal do sector.*
- *A porcentaxe de revisión será a mesma que experimenten as táboas salariais no citado convenio de aplicación.*
- *O licitador deberá solicitar a revisión de prezos por escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello e acreditar documentalmente a variación experimentada polo convenio colectivo de aplicación así como a porcentaxe que os gastos de persoal supoñen na estrutura de custes do contrato.*
- *A revisión de prezos efectuarase nos termos e prazos previstos no capítulo II do Título III do Libro Primeiro do TRLCSP.*

CLÁUSULA 6ª.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Poderán concorrer a esta licitación por si ou por medio de representantes autorizados, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, e cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que ademais non se atopen incursas nunha prohibición de contratar (art. 60-TRLCSP), e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

CLÁUSULA 7ª.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA

7.1.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

Deberase acreditar unha cifra media de negocio dos traballos realizados pola empresa nos últimos 3 anos, igual ou superior á do orzamento total do contrato, IVE incluído.

Poderase acreditar por algún dos seguintes supostos:

a) Informe de institución financeira asinado por persoa con competencia para emitilo, que acredite que o licitador é solvente economicamente para afrontar este contrato, no que deberá facer referencia expresa ao custe e nome do contrato (inclúese modelo no Anexo III).

b) No caso de entidades con personalidade xurídica propia (sociedades mercantís): as contas anuais (conta de perdas e ganancias) dos 5 últimos anos presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda e/ou os modelos 200 (declaración-liquidación do Imposto sobre Sociedades) dos 3 últimos anos.

c) No caso de titulares de actividades económicas no ámbito do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF):

c.1.- Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación directa normal ou simplificada:

-Libro de rexistro de vendas e ingresos dos últimos 3 anos (debendo estar debidamente legalizados para aqueles que teñan a dita obriga).

-Modelo 390 (declaración resumo anual IVE) dos 3 últimos anos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do IRPF) dos últimos 3 anos.

c.2.- Empresarios e profesionais con tributación so IRPF mediante o método de estimación obxectiva:

- Libro de rexistro de vendas e ingresos dos últimos 3 anos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do IRPF) dos últimos 3 anos.

- Declaración responsable asinada polo responsable legal que acredite que o libro de rexistro de vendas e ingresos reflicte a imaxe fiel da actividade económica da empresa. No caso de non dispor do libro de rexistro de vendas e ingresos, a declaración debe acreditar que o rendemento neto da actividade reflicte a imaxe fiel da actividade económica da empresa.

7.2.- SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL:

Establécese como requisito mínimo de solvencia técnica a acreditación de ter executado servizos nos últimos 5 anos por valor igual ou superior ó orzamento deste contrato.

Para acreditar a solvencia técnica poderanse achegar:

a) Relación das servizos executados no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para os servizos máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución dos servizos e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e foron levadas normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, dos que esta dispoña para a execución do contrato, especialmente os responsables do control de calidade, achegada dos documentos acreditativos correspondentes.

c) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante o tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

d) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución do servizo, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

Para acreditar a solvencia esixida para a celebración deste contrato, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas sempre e cando xustifique que para a execución de mesmo, dispón dos referidos medios, debendo nestes casos achegar certificado emitido polo órgano de dirección da empresa que preste a citada solvencia, acreditativo de tal circunstancia. Só poderá completarse mediante este mecanismo a solvencia técnica ou profesional. En todo caso só se poderá prestar solvencia a un licitador (artigo 63-TRLCSF).

** Especialidades de solvencia en relación coas unións temporais de empresarios:*

Cada un dos empresarios que a compoñan deberán acreditar a súa capacidade de obrar e solvencia, conforme cos apartados anteriores. En todo caso, aos efectos de acreditar a solvencia económica e financeira, e técnica, permitirase a acumulación sempre que todas e cada unha das empresas que integran a unión temporal, acrediten ter executados contratos do mesmo tipo.

CLÁUSULA 8ª.- GARANTÍAS

- Provisional: non se esixe.*
- Definitiva: 5% do prezo do contrato (IVE excluído).*

O órgano de contratación requirirá á empresa licitadora que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que tivese recibido o requirimento, constitúa garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do importe de adxudicación (IVE excluído), de acordo co artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a entidade licitadora retira a súa oferta.

A citada garantía poderá constituírse en efectivo ou en valores de débeda pública, mediante aval ou mediante contrato de seguro de caución, de acordo co disposto no artigo 96 do TRLCSP e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP.

A garantía definitiva responderá dos seguintes conceptos:

- Das penalidades impostas ao/á contratista conforme o artigo 212 do TRLCSP.*
- Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á Administración pola demora do/da contratista no cumprimento das súas obrigas e dos danos e prexuízos ocasionados ao Concello con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.*
- Da incautación que poida decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co establecido no TRLCSP.*

En caso de que se fagan efectivas penalidades ou indemnizacións esixibles á adxudicataria sobre a garantía, esta deberá repoñer ou ampliar aquela na contía que corresponda no prazo de 15 días desde a execución, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que non se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultasen responsabilidades, devolverase a garantía constituída ou cancelarse o aval ou seguro de caución.

CLÁUSULA 9ª.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación que actúa en nome do Concello de Cangas é a Xunta de Goberno Local en virtude das facultades que lle foron conferidas mediante Resolución da Alcaldía de data 16.06.2011.

Este órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que xurdan na súa execución, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta con suxeición á normativa aplicable. Os acordos, previo informe xurídico que a este respecto se emita, serán inmediatamente executivos sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

Nos procedementos que se instrúan para a adopción dos acordos relativos á interpretación, modificación e resolución do contrato deberá darse audiencia ao contratista.

CLÁUSULA 10ª.- CONSULTA DO EXPEDIENTE E PERFIL DO CONTRATANTE

10.1.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) así como o de Prescricións técnicas (PPT), xunto cos demais documentos que integran o expediente, estarán de manifesto na Secretaría Xeral do Concello de Cangas , ata o momento en que finalice o prazo de presentación de proposicións, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

10.2.- Esta licitación publicarase no Perfil do Contratante. O acceso público efectuarase a través do portal da Web do Concello de Cangas (www.cangas.org). No Perfil do Contratante do órgano de contratación, publicarase os PCAP, PPT, así como a adxudicación do contrato e calquera outro dato e información referente a súa actividade contractual, de acordo co establecido no artigo 53 do TRLCSP.

II.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 11ª.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

Este contrato adxudicarase mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, de acordo co disposto nos artigos 138.2, 150 e 157 e seguintes do TRLCSP. O órgano de contratación deberá publicar un anuncio de licitación na forma prevista no artigo 142-TRLCSP.

CLÁUSULA 12ª.- PRAZO, LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

12.1.- PRAZO: O prazo para presentar ofertas será de 15 días naturais (art. 159.2-TRL CSP), contados dende o seguinte ó da publicación do anuncio de licitación no BOP.

12.2.- LUGAR: As proposicións dos licitadores presentaranse no Rexistro Xeral do Concello sito na Avda. Castelao n.º 2 de Cangas, en horario de luns a venres de 9:30 a 14:00, xoves de 16:00 a 19:00 e sábados de 10:00 a 13:00.

As proposicións presentaranse unicamente no lugar indicado no parágrafo anterior, sen que sexa válida a presentación noutros rexistros ou dependencias municipais, ou de outras Administracións Públicas (art. 80.2-RXLCAP).

Tamén poderán remitirse por correo; neste caso, de conformidade co sinalado no artigo 84-RXLCAP, o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación o mesmo día no que se presente, mediante fax ao número 986.304.850, a remisión da súa proposta. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a solicitude. Non obstante, transcorridos dez días naturais desde a indicada data, sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso (art. 80.4-RXLCAP).

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta [sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro]. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

12.3.- FORMA DE PRESENTACIÓN: Os contratistas interesados na licitación deberán presentar TRES sobres pechados, nos que se escribirá de forma lexible e visible, no exterior dos mesmos, os seguintes datos:

- "Sobre A: Documentación Administrativa" , "Sobre B: Proxecto técnico", ou "Sobre C: Oferta Económica"*
- Denominación do contrato: « Oferta para participar na contratación do servizo balizamento das praias do Concello de Cangas"».*
- Nome e apelidos do licitador, ou no seu caso, denominación social e nome e apelidos do representante que presenta a oferta.*
- DNI ou CIF*

- *Correo electrónico, n.º de fax e enderezo postal a efectos de notificacións*
- *Enderezo, teléfono, fax e correo electrónico aos efectos de notificacións.*
- *Os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, deberán facer constar o número de inscrición.*

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

SOBRE «A»: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA: este sobre deberá incluír:

- *Declaración responsable subscrita pola persoa que firme a proposición, de acordo co modelo que consta como Anexo I deste prego. Este modelo pode descargarse en formato ".pdf escribible" dende a web do Concello de Cangas www.cangas.org.*
- *Copia compulsada do DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros, da persoa que asine a oferta.*
- *As empresas estranxeiras achegarán unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponderlle ao licitador. En todo caso, as empresas estranxeiras achegarán os seus documentos debidamente traducidos de forma oficial ao galego ou castelán.*
- *Será opcional para os licitadores a presentación dunha declaración en relación coa confidencialidade da documentación aportada. No caso de ser achegada, a declaración deberá indicar qué debe considerarse como confidencial pola súa vinculación con segredos técnicos ou comerciais.*

SOBRE «B»: PROXECTO TÉCNICO: o licitador deberá achegar unha memoria técnica que describa pormenorizadamente o sistema de balizamento a instalar en cada unha das praias.

SOBRE «C»: OFERTA ECONÓMICA

- *A oferta económica presentarase conforme ao modelo que consta no Anexo II deste prego.*

- *No caso de que o contratista teña previsto subcontratar parte do servizo, deberá facelo constar en documento onde sinalará a súa porcentaxe con respecto á totalidade do contrato e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia, profesional ou técnica, dos subcontratistas ós que se lles vaia encomendar a súa realización.*

CLÁUSULA 13ª.- MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de Contratación será o órgano administrativo que cualificará os documentos achegados e procederá en acto público, á apertura de proposicións elevando a acta con proposta de adxudicación ao órgano de contratación que teña que efectuar a adxudicación do contrato. O Concello de Cangas ten constituída unha mesa permanente de contratación cuxa composición, a efectos do disposto no artigo 21-RD 817/2009, aparece publicada no perfil do contratante do órgano de contratación (www.cangas.org).

CLÁUSULA 14ª.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E APERTURA DE PROPOSICIÓN

A Mesa de Contratación que intervirá na presente contratación, procederá a cualificar en acto non público, a documentación achegada no Sobre A. O Presidente ordenará a apertura dos sobres e o/a secretario/a certificará a relación de documentos que figuren nel. Se a Mesa de Contratación observara defectos ou omisións subsanables na documentación que se inclúe no sobre A, ou necesitase aclaracións sobre a mesma, comunicarao verbalmente aos interesados, sen prexuízo de que esta circunstancia se faga pública a través de anuncios no perfil do contratante do órgano de contratación, concedendo un prazo non superior a 3 días hábiles para que os licitadores corrixan, subsanen ou aclaren a documentación requirida. Do actuado deixarase constancia na acta que ao efecto necesariamente deberá redactarse.

Unha vez emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación achegada, e cualificada toda a documentación, a Mesa de Contratación, procederá a declarar os licitadores admitidos e os rexeitados, indicando as causas do seu rexeitamento.

Concluída a fase anterior, celebrarase en acto público a apertura do Sobre B, no lugar, día e hora que se sinale mediante anuncio no perfil do contratante. A documentación do Sobre B, trasladarase aos técnicos competentes, co fin de que procedan a súa avaliación seguindo os criterios de valoración establecidos neste prego.

Unha vez avaliada esta documentación técnica, sinalarase no perfil do contratante, a data e hora na que se procederá en acto público, a apertura do Sobre C, correspondente á documentación avaliable mediante fórmulas.

O acto de apertura pública do Sobre C, iniciarase dando a coñecer o resultado da valoración da Proposta Técnica contida no Sobre B. A mesa, unha vez

valorados as ofertas presentados polos licitadores, remitirá a acta con proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

As proposicións afectas por calquera das causas precisadas no art. 84 do RD 1098/2001, serán rexeitadas motivadamente.

A proposta de adxudicación feita pola mesa de contratación, non creará ningún dereito a favor do adxudicatario provisional fronte a Administración. O órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición economicamente máis vantaxosa mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, ou declarar deserta a licitación motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste Prego.

CLÁUSULA 15ª.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para a valoración das propostas e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase aos seguintes criterios:

A).- CRITERIOS SUBXECTIVOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

1 Estudio e comprobación do proxecto Ata 15 puntos

B).- CRITERIOS OBXECTIVOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

1 Menor prezo ofertado..... Ata 65 puntos
2 Melloras ofertadas sen custe adicional..... Ata 16 puntos
3 Xestión de calidade e xestión ambiental..... Ata 4 puntos

A.1.- Estudio e comprobación do proxecto técnico.....ata 15 puntos

Valorarase o incremento en unidades e calidade do material a empregar, implantación de sistemas novidosos de balizamento, sistema de fondeo e retirada do balizamento, material a subministrar (por reposición do deteriorado ou nova adquisición), medios técnicos e humanos destinados á prestación do servizo e demais obrigas obxecto deste contrato.

B.1.- Menor prezo ofertado polo licitador.....Ata 65 puntos

Valorarase o prezo ofertado de xeito que o prezo máis baixo obteña a máxima puntuación, e o resto de ofertas a que lle corresponda proporcionalmente mediante a aplicación dunha regra de tres simple inversa.

B.2.- Melloras ofertadas sen custe adicional.....Ata 16 puntos

o Instalación e mantemento de baños químicos na praia de Melide....12 puntos Outorgarase 12 puntos ós licitadores que na súa proposición oferten a instalación, mantemento e retirada de baños químicos portátiles na praia de Melide nas seguintes condicións: os baños a instalar deberán ser acordes coa estética do lugar, deberán instalarse un mínimo de dous baños sendo un deles axeitado para o uso de persoas con minusvalía, e así mesmo a empresa comprométese á realizar a limpeza dos mesmos un mínimo de dúas veces ó día incluídos os fines de semana.

o Retirada de voluminosos das praias:.....4 puntos

Outorgarase 4 puntos aos licitadores que se comprometan a realizar a retirada de obxectos voluminosos que poidan aparecer nas praias.

B.3.- Xestión de calidade e xestión ambiental.....Ata 4 puntos

o Certificado ISO 9001.....2 puntos

o Certificado ISO 14001.....2 puntos

CLÁUSULA 16ª.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non pode ser cumprida (en relación a algún dos criterios avaliábeis aritmeticamente) como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de 5 días xustifiquen as ditas ofertas achegando a documentación correspondente. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos Servizos Técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

Considerarase en principio, como desproporcionada ou temeraria a baixa de toda proposición cuxo porcentaxe exceda en dez unidades, polo menos, á media aritmética das porcentaxes de baixa de tódalas proposicións achegadas e admitidas, sendo criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou temerario da baixa, os seguintes:

- Adecuada xustificación dos prezos ofertados.*
- Programa detallado de execución dos servizos.*
- Volume de servizos xa contratados, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.*

De conformidade co artigo 85.2-RXLCAP, no suposto de que so concorran dous licitadores, considerarase desproporcionada ou temeraria a oferta que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.

CLÁUSULA 17ª.- CRITERIOS PARA RESOLVER EVENTUAIS EMPATES

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, este empate resolverase de acordo coa seguinte orde de preferencia:

- En primeiro lugar, será de aplicación o disposto no artigo 142.4 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, segundo o cal "as cooperativas terán dereito preferente nos casos de empate nos concursos e subastas en que participen, convocados polas administracións públicas galegas e entes dependentes das mesmas, para a realización de obras, servizos e subministracións.*
- En segundo lugar, a empresa que acredite contar no seu cadro de persoal cunha porcentaxe superior ao 2% de traballadores con discapacidade. A porcentaxe de traballadores fixos discapacitados deberá manterse durante o tempo que dure a execución do contrato, ou se é o caso, durante o prazo de garantía, se a execución non se realizase en tracto sucesivo. O incumprimento de tal condición será causa de resolución do contrato.*
- En terceiro lugar, resolverase a favor do licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.*
- En cuarto lugar, a empresa que teña implantado un plan de igualdade ou obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de acordo co establecido nos artigos 11 e 19 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia e co establecido no Decreto 33/2009 do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.*
- Por último, en caso de que aplicando os criterios anteriores se manteña o empate, convocarase aos licitadores para realizar un sorteo ao azar.*

CLÁUSULA 18ª- REQUIRIMENTO PREVIO Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Recibida a proposta de adxudicación realizada pola Mesa de Contratación, o órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición economicamente máis vantaxosa mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, ou declarar deserta a licitación motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste Prego.

En todo caso, o órgano de contratación requirirá á empresa coa oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles,

contados desde o seguinte a aquel en que tivera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

18.1.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS

De conformidade co disposto no artigo 146-TRLCSP (modificado pola Lei 14/2003, do 27 de setembro de apoio ao emprendedor) deberá presentar:

18.1.A).- Documentación acreditativa da capacidade de obrar:

- *Empresario individual: copia compulsada do DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros.*

- *Persoas xurídicas:*

- o *Copia da tarxeta do Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada.*

- o *Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non ser esixible, achegarase escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.*

- *Empresas comunitarias: A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas ou mediante a presentación das certificacións que se indican no apartado 2 do anexo I do RXLCAP (artigo 9-RXLCAP).*

- *Resto de empresas estranxeiras: Os empresarios estranxeiros non comunitarios deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar do domicilio da empresa, no que se faga constar previa acreditación por parte da empresa, que figura inscrita no rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.*

Ademais deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente de España ou da Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía e Facenda sobre a condición de estado signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, nos casos previstos no RXLCAP.

- *Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias e non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois. As empresas estranxeiras deberá presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante (artigo 146.1.d -TRLCS).*
- *Unións Temporais de Empresas: no caso de concorreren á licitación varias empresas constituíndo unha unión temporal, cada unha de elas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriben a proposición, participación de cada unha de elas designando a persoa ou entidade que durante a vixencia do contrato ha de desempeñar a representación da UTE ante a Administración, e compromiso de constituírse formalmente en UTE en caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59-TRLCS.*

18.1.B) Documentos acreditativos da representación: se o asinante da proposición actúa en calidade de representante do licitador deberá achegar:

- Copia compulsada notarial ou administrativamente do documento que acredite a personalidade deste representante (DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros).

- Copia compulsada notarial ou administrativamente da escritura de poder de representación, ou no seu caso, das escrituras notariais de constituicións ou modificación estatutarias ou elevación dea cordos sociais, onde conste que está habilitado para concorrer á celebración de contratos coas Administracións Públicas.

18.1.C) Bastanteo de poderes:

As escrituras ás que se refire o apartado anterior deberán presentarse debidamente bastanteadas pola Secretaria Xeral da Corporación ou fedatario público, cunha antigüidade non superior a 6 meses.

18.1.D) Documentación acreditativa da solvencia:

Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira de acordo co disposto na cláusula 10.1 deste prego.

Documentación acreditativa da solvencia técnica de acordo co disposto na cláusula 10.2 deste prego.

18.1.E) Alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE):

Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente,

ou o último recibo acompañado dunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

18.1.F) REXISTRO DE CONTRATISTAS

De acordo co disposto no artigo 83-TRLCSF, a documentación relacionada anteriormente poderá substituírse pola presentación do certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia regulado por Decreto 262/2001, do 20 de setembro (D.O.G. n.º 200 do 16 de outubro de 2001), sempre e cando o dito certificado inclúa os anteditos datos, e debendo acompañar á dita certificación unha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias contidas na certificación presentada non variaron (art.146.3-TRLCSF).

18.2.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO:

De conformidade co disposto no artigo 151.2-TRLCSF deberá presentar:

- Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatais e autonómica) e coa Seguridade Social.*
- Xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación por calquera dos medios a que se refire o artigo 96-TRLCSF.*
- Xustificante de ter aboado os gastos do/s anuncio/s de licitación, no seu caso.*

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no presente prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. En todo caso, na notificación e no perfil do contratante indícarase o prazo no que debe formalizarse o contrato conforme ao artigo 153-TRLCSF.

CLÁUSULA 19ª.- ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN

19.1.- ADXUDICACIÓN:

Recibida a documentación requirida, o órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación (art. 151.3-TRLCSP). A adjudicación acordarase en resolución motivada que deberá notificarse aos licitadores e simultaneamente publicarse no Perfil do Contratante do órgano de contratación indicando o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ó artigo 156.3 (art. 151.4-TRLCSP).

A notificación deberá conter en todo caso a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra o acordo de adjudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- En relación aos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimara a súa candidatura.*
- Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adjudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.*
- En todo caso o nome do adjudicatario, as características e vantaxes da proposición que foran determinantes para resultar seleccionada por diante das demais.*

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren neste prego.

19.2.- FORMALIZACIÓN:

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato, cláusulas que impliquen alteración dos termos da adjudicación.

A formalización do contrato deberá efectuarse dentro dos 15 días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adjudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no art. 151.4-TRLCSP.

Cando por causas imputables ao contratista non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, sendo trámite preciso a audiencia do interesado e cando se formule oposición polo contratista, o informe do Consello Consultivo de Galicia. En tal suposto procederá a incautación da garantía e a indemnización dos danos e perdas ocasionados.

CLÁUSULA 20ª.- RENUNCIA

A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración de tal xeito que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución do servizo, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (por exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois da apertura de plicas, da proposta da Mesa, da adxudicación, ou antes da formalización do contrato, etc) faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

Tendo en conta que neste procedemento os licitadores non están obrigados a constituír garantía provisional, a Corporación poderá esixir o dito importe mediante o procedemento de apremio, así como para a indemnización de danos e prexuízos.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración, terá as mesmas consecuencias i efectos indicados nos parágrafos anteriores. Non obstante, no caso de que a Administración non acordara a adxudicación no prazo de 2 meses a contar dende a apertura de proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición de conformidade con artigo 161.4-TRLCSP.

III.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 21ª.- SUCESIÓN NA PERSOA DO CONTRATISTA

De conformidade con artigo 85-TRLCSP, nos casos de fusión, escisión, aportación ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade absorbente ou resultante, quedando subrogada en tódolos dereitos e obrigas derivadas do mesmo, sempre que teña a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación ou que as sociedades participantes nas ditas operacións responsabilícense solidariamente da execución do contrato. En caso contrario, resolverase o contrato considerándose a tódolos efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.

CLÁUSULA 22ª.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Unha vez perfeccionado o contrato poderase introducir as modificacións correspondentes por altas e baixas dos bens e instalacións obxecto do contrato. O adxudicatario efectuará as compensacións que procedan a favor ou en contra do Concello, ao obxecto de manter en todo momento o equilibrio inicial da contratación.

Serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato que se acorden de conformidade co establecido no artigo 219 e nos artigos 105 e seguintes – TRLCSP.

De conformidade co artigo 105.2, a modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que poda cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Nestes supostos, deberase proceder a unha nova contratación da prestación correspondente, na que poderá aplicarse o réxime establecido para a adxudicación de contratos complementarios se concorren as circunstancias previstas no artigo 174.b)-TRLCSP.

En canto ás modificacións non previstas na documentación que rexe esta licitación estarase ao disposto ao artigo 107-TRLCSP.

CLÁUSULA 23ª.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego e observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas.

O adxudicatario responderá perante o Concello polo incumprimento ou demora no cumprimento das súas obrigas contractuais, e executarará o servizo de acordo coa lexislación vixente na materia obxecto deste contrato.

Así mesmo deberán cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará a tódolos efectos, a condición de empresario.

CLÁUSULA 24ª.- PAGO DO PREZO E FACTURA ELECTRÓNICA

O contratista ten dereito ao pagamento do prezo convido. A facturación da prestación do servizo contratado realizarase en dous tramos. O contratista poderá presentar unha primeira factura polos traballos realizados unha vez instalado o balizamento en tódalas praias, e a segunda factura unha vez proceda a retirar, limpar e almacenar todo o material utilizado.

Así mesmo, en calquera momento o Concello poderá solicitar a documentación xustificativa de que os traballadores asignados ao contrato percibiron as súas retribucións e a empresa está ao corrente coas súas obrigas de Seguridade Social respecto dos traballadores.

Recoñecido o valor legal das facturas emitidas electronicamente no RD 1496/2003, que aproba o Regulamento sobre as obrigas de facturación, e en atención ao previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, coa periodicidade e forma establecida na cláusula anterior referida ao réxime de pagamentos, a presentación das facturas en formato electrónico será obrigatoria para as Sociedades anónimas, sociedades de responsabilidade limitada, as Unións temporais de empresas, as agrupacións de interese económico (Lei 12/1991, de 29 de abril, de Agrupacións de Interese Económico), as agrupacións de interese económico europeas (Regulamento (CEE) nº 2137/85 do Consello, de 25 de xullo de 1985), as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española e para os establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, ao que se encontra adherido o Concello de Cangas son:

Unidade tramitadora: L01360084 INTERVENCION

Oficina Contable: L01360084 INTERVENCION

Órgano xestor: L01360084 ALCALDE/XUNTA DE GOBERNO

CLÁUSULA 25ª.- EXECUCIÓN DEFECTUOSA E DEMORA. PENALIDADES

O contratista está obrigado ao cumprimento do contrato con estrita suxeición ao establecido neste prego de cláusulas que o regulan, ao consignado na súa proposición e as ordes que lle curse o responsable do contrato no seu caso, ou o competente para a vixilancia do contrato, para unha mellor realización dos traballos.

De conformidade co artigo 212-TRLCSP que dispón que os pregos poderán prever penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do mesmo ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato, establécense as seguintes penalidades:

a) Terán a consideración de infraccións leves aquelas que, pese ao incumprimento das cláusulas contractuais, non supoñan un prexuízo de gran entidade, conlevarán unha penalidade de ata 300€ e se tipifican como tales as seguintes:

- As que impliquen negligencia na prestación do servizo e non supoñan unha alteración grave para o seu funcionamento.

- A omisión do deber de comunicar as incidencias ou anomalías, non imputables ao contratista e que sexan detectadas.

b) Terán a consideración de infraccións graves e conlevarán unha penalidade de 300€ ata 1500€ as seguintes:

- A reiteración na comisión de tres faltas leves.*
- A desobediencia ás ordes do responsable para a vixilancia do contrato.*
- As accións u omisións que alteren a regularidade na prestación do servizo.*
- A carencia de elementos necesarios para a prestación do servizo.*
- O trato irrespetuoso ao público, persoal municipal ou axentes da autoridade, así como calquera acción do persoal que supoña un desprestixio do servizo.*
- No acudir a las reunións de seguimento do contrato cando sexa convocado.*

c) Terán a consideración de infraccións moi graves e darán lugar á rescisión do contrato, sen prexuízo da aplicación das sancións ás que dese lugar a xuízo do Órgano de Contratación, tódalas que supoñan un incumprimento das condicións do contrato ou unha deficiente xestión do servizo, ademais das seguintes:

- Obstaculizar a inspección ou fiscalización do persoal municipal.*
- Incumprir as normas laborais ou convenio colectivo do persoal a empregar.*
- Ceder o contrato sen a debida autorización municipal.*
- Incumprir obrigas salariais ou de seguridade social respecto aos traballadores a empregar.*
- Reiterar a comisión de dúas infraccións graves. CON PES*

CLÁUSULA 26ª.- PRAZO DE GARANTÍA E LIQUIDACIÓN DO CONTRATO.

Dadas as características do servizo, este contrato carece de prazo de garantía. O contratista adxudicatario poderá solicitar a devolución da garantía depositada unha vez transcorrido un mes dende a finalización do contrato.

CLÁUSULA 27ª.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

27.1.- Serán causas de resolución do contrato as previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, cos efectos previstos no art. 225 e 309 do TRLCSP.

27.2.- Outras causas de resolución:

27.2.1.- Ademais das anteriores, constituirán causa de resolución imputable ó contratista as seguintes:

27.2.1.a).- O incumprimento da obriga de gardar sixilo.

27.2.1.b).- O abandono por parte do contratista do servizo obxecto do contrato: entenderase producido o abandono cando a prestación non se realice coa regularidade axeitada ou cos medios humanos e materiais precisos para a normal execución do contrato no prazo estipulado. Non obstante, cando se de este suposto, o Concello, antes de declarar a resolución, requirirá ó contratista para que regularice a situación no prazo de cinco días a contar dende o requirimento.

27.2.1.c).- A incursión do contratista, durante a vixencia do contrato, en algunha das prohibicións sinaladas na normativa vixente ou en incompatibilidade, sen a obtención inmediata da correspondente compatibilidade.

27.2.2.- O acaecemento de calquera destas causas, nos termos establecidos, facultará ó órgano de contratación para dar por resolto o contrato, coa indemnización de danos e prexuízos e demais efectos que procedan conforme á normativa aplicable, podendo optar pola execución subsidiaria, realizando as obrigas incumpridas ou continuando a execución do contrato por si ou a través das persoas ou empresas que determine, a costa do contratista. O importe da garantía responderá de todo iso, en canto alcance, e sen prexuízo da responsabilidade xeral do contratista.

CLÁUSULA 28ª.- GASTOS

- Os gastos do anuncio de licitación serán asumidos polo adxudicatario.*
- TAXA POR BASTANTEO: o bastanteo de poderes pola Secretaría Xeral está suxeito á taxa por expedición de documentos administrativos (segundo ordenanza fiscal vixente)*

CLÁUSULA 29ª.- PRERROGATIVAS DA ADMNINISTRACIÓN

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente poderá modificar os contratos celebrados e acordar a súa resolución dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no TRCLP e demais normativa de aplicación.

Os acordos que dite o órgano de contratación, previo informe xurídico dos órganos competentes, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

CLÁUSULA 30ª.- XURISDICCION COMPETENTE

A xurisdición contencioso-administrativa coñecerá das cuestións litixiosas relacionadas co contrato a que se refire o art. 21.1 do TRLCSP.

As cuestións litixiosas serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a interpoñer recurso Contencioso-Administrativo, consonte ó disposto pola Lei Reguladora de dita Xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso potestativo de reposición e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Os actos que se diten nos procedementos de adxudicación de contratos que non reúnan os requisitos previstos no artigo 40 do TRLCSP, serán susceptibles de recurso en vía administrativa conforme ó disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e recurso Contencioso-Administrativo, consonte ó disposto pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Recurso especial en materia de contratación:

Con carácter potestativo, poderá interpoñerse o recurso especial en materia de contratación previsto no art. 40 do TRLCSP nos supostos contemplados no mesmo. Contra a resolución do recurso só procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ANEXO II

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

«D/a _____, con DNI n.º _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º ____, (C.P. _____) en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, tendo coñecemento da licitación aberta para a adxudicación do contrato de "SERVIZO DE BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS", fago constar que:

Coñezo o PCAP e o PPT que rexen este contrato e que os acepto integramente, comprometéndome a executar o obxecto do contrato segundo as seguintes condicións:

1.- PREZO OFERTADO POR ANUALIDADE (en número e letra):

Prezo neto _____

IVE _____

Prezo total _____

2.- MELLORAS OFERTADAS SEN CUSTE ADICIONAL

Baños químicos na praia de Melide..... ?SI
?NON

Retirada de voluminosos..... ?SI
?NON

3.- Certificado ISO 9001..... ?SI
?NON

4.- Certificado ISO 14001..... ?SI
?NON

En _____, a ____ de _____ do 2015

Sinatura do licitador,
Asdo.: _____»

ANEXO III

MODELO DE INFORME DE INSTITUCIÓNS FINANCEIRAS

Don/a en
representación da entidade.....(razón social da entidade
fianreira),

INFORMA

Que.....(nome e apelidos da persoa natural ou razón social da
persoa xurídica), con DNI/CIF n.º....., e domicilio
en....., é cliente deste entidade fianreira, e que
segundo os datos e antecedentes obrantes na mesma, esta empresa ten a
suficiente solvencia económica e fianreira para contratar co Concello de
Cangas, para executar o "SERVIZO BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO
DE CANGAS por importe de 145.950,40 €.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente en
....., a de do 2015.

(sinatura e selo da entidade fianreira).

ANEXO IV

MODELO DE AVAL

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía
recíproca), NIF, con domicilio (a efectos de notificacións e requirimentos) na
rúa/praza/avenida, código postal, localidade, e no seu nome (nome e apelidos
dos apoderados), con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo
resulta do bastanteo de poderes que se reseña na parte inferior deste
documento,
AVALA

A (nome e apelidos ou razón social do avalado), NIF, en virtude do disposto por: (norma/s e artigo/s que impoñe/n a constitución desta garantía) para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido), ante o Concello de Cangas, por importe de: (en letra e en cifra).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Este aval outórgase solidariamente respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e con compromiso de pago ó primeiro requirimento do Concello de Cangas, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos das Administracións Públicas e nas súas normas de desenvolvemento.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de Cangas ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para autorizar a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado mediante real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro).

*(Lugar e data)
(razón social da entidade)
(sinatura do/s apoderado/s)*

DILIXENCIA.- Esténdoa eu, como Secretaria Xeral, para facer constar que o presente prego que consta de 26 páxinas esta incluída, todas elas rubricadas por min e seladas co selo da Secretaría deste Concello, foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 20.04.2015

Cangas, 20 de abril de 2015

*A SECRETARIA XERAL
Asdo.: Berta Alonso Soto."*

ANEXO II:

"PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS (PPT) QUE REXERÁ A LICITACIÓN PARA CONTRATAR, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, O SERVIZO DE BALIZAMENTO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE CANGAS

*CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO DO CONTRATO
CLÁUSULA 2ª.- FUNDAMENTO E NORMATIVA APLICABLE
CLÁUSULA 3ª.- PRAIAS A BALIZAR
CLÁUSULA 4ª.- INVENTARIO DE MATERIAL
CLÁUSULA 5ª.- TRABALLOS PREVIOS*

CLÁUSULA 6ª.- EXECUCIÓN DO CONTRATO
CLÁUSULA 7ª.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO
CLÁUSULA 8ª.- CONTROL DOS TRABALLOS
CLÁUSULA 9ª.- PAGO DO PREZO

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto deste contrato é a realización do servizo de balizamento das praias do Concello de Cangas, incluíndo a reposición/subministración de material, instalación, mantemento, retirada, transporte, limpeza e almacenamento do material utilizado, de conformidade coas prescricións técnicas deste prego.

O balizamento das praias deberá estar instalado dende o 1 de xuño ata o 30 de setembro de cada unha das anualidades ás que se estenda o contrato. O contratista queda obrigado a almacenar e custodiar o material ata que se produza unha nova adxudicación do contrato.

CLÁUSULA 2ª.- FUNDAMENTO E NORMATIVA APLICABLE

Os municipios turísticos costeiros teñen unha especial responsabilidade en garantir a seguridade das zonas de baño, pasando por unha correcta sinalización e balizamento das praias. A propia Lei de Costas, no seu artigo 115 dispón que as competencias municipais poderán abarcar, entre outros extremos, o manter as praias nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade, así como vixiar a observancia das normas e instrucións que en materia de salvamento e seguridade das vidas humanas dite a Administración Xeral do Estado.

Co fin de acadar unha correcta execución do contrato o adxudicatario deberá cumprir coa lexislación vixente nesta materia concreta:

- Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas.*
- Real Decreto 1471/1989, do 1 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral para o Desenvolvemento e Execución da Lei de Costas.*
- Orden Ministerial de data 31.07.1972, sobre normas para a sinalización, servizos de vixilancia e de auxilio e salvamento.*
- Real Decreto 1835/1983, do 25 de maio, polo que se adopta para as costas españolas o Sistema de Balizamento Marítimo da Asociación Internacional de Sinalización Marítima (AISM).*
- Calquera outra norma vixente de aplicación.*

CLÁUSULA 3ª.- PRAIAS A BALIZAR

As praias nas que se instalará o balizamento son as que seguen:

- Rodeira
- Areamilla
- Liméns-Sta Marta
- Nerga-Viñó (AreaMeáns)
- Barra
- Melide
- Areabrava
- San Xián-Pipín-Castiñeiras
- Pinténs
- Arneles
- Vilariño
- San Cibrán
- Francón
- Areacova
- Menduíña

CLÁUSULA 4ª.- INVENTARIO DE MATERIAL

En todas as praias obxecto deste contrato xa foi instalado o correspondente sistema de balizamento nos anos anteriores, polo que o Concello posúe material procedente dos mesmos, e que é o seguinte:

- *81 boias esféricas de cor amarelo de 800 mm de diámetro.*
- *6 boias esféricas de cor amarelo de 600 mm de diámetro.*
- *11 boias bicónicas de cor verde de 800 mm de diámetro.*
- *10 boias cilíndricas de cor vermello de 800 mm de diámetro.*
- *25 corcheras de delimitación de canal de entrada de 50 m de largo con boia cada 2m.*
- *70 mortos de formigón con cadea e grillete para fondeo de boia.*

O anterior material atópase almacenado nas instalacións do adxudicatario do contrato de balizamento do ano 2013, ServiSub Bueu S.L.

Para unha correcta prestación do servizo o adxudicatario deberá achegar o seguinte material:

- *14 Boias esféricas de cor amarelo de 800 de diámetro.*
- *4 Boias bicónicas de cor verde de 800 mm de diámetro.*
- *5 boias cilíndricas de cor vermello de 800 mm de diámetro.*
- *5 corcheras de limitación de 100 mts de lonxitude cunha boia cada 2,5 mts (esquina praia Rodeira).*
- *4 áncoras para fondear corcheras en Rodeira (unha cada 50 mts).*
- *18 mortos con cadea.*
- *120 grilletes de $\frac{3}{4}$ galvanizados.*

O contratista adxudicatario queda obrigado a subministrar o material especificado durante as anualidades ás que se estenda o contrato, e aquel outro que se poida necesitar durante a vixencia do mesmo.

CLÁUSULA 5ª.- TRABALLOS PREVIOS: INSPECCIÓN E SUBMINISTRACIÓN

5.1.- INSPECCIÓN E RECOÑECEMENTO DAS ZONAS DE ACCESO E BALIZAMENTO

O adxudicatario deberá instalar o sistema de balizamento en cada unha das praias conforme ao proxecto técnico achegado no Sobre B da súa oferta, e deberá cumprir as ordes e indicacións que puidera recibir por parte do responsable do contrato que ó efecto nomee o Concello de Cangas.

Comprobarase así mesmo pola empresa os posibles servizos afectados que podan interferir no transcurso dos traballos debendo tomar as precaucións necesarias, así como contactar coas empresas subministradoras e organismos competentes para non interferir con ningún servizo, correndo ao seu cargo calquera tipo de afección aos mesmos.

A empresa adxudicataria deberá consensuar coas Confrarías de Aldán e Cangas a instalación do balizamento.

Corresponderá á adxudicataria a obtención das preceptivas autorizacións da Capitanía Marítima competente, así como dos permisos e licencias necesarias para a execución dos traballos. Así mesmo correrá da súa conta o Estudo de Seguridade e Saúde previsto na normativa vixente no caso de ser necesario.

5.2.- REPOSICIÓN E SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL

O licitador examinará o material inventariado propiedade do Concello a fin de determinar qué pezas son necesarias repoñer, e así mesmo si é necesaria a adquisición de novo material para a correcta e completa instalación do sistema de balizamento en tódalas praias.

O custo do material que sexa necesario adquirir, ben por reposición de material deteriorado ou porque o existente non fose suficiente, será asumido en todo caso polo contratista entendéndose incluído na oferta económica que achegue.

CLÁUSULA 6ª.- EXECUCIÓN: instalación, retirada, limpeza e almacenamento.

6.1.- INSTALACIÓN

O adxudicatario deberá proceder á instalación do sistema de balizamento en tódalas praias mencionadas na cláusula 3ª deste prego, de acordo coa lexislación vixente e coas condicións ofertadas no estudo técnico achegado na licitación e que serviu de base á adxudicación.

A instalación do balizamento de todas as praias indicadas na cláusula 3ª, deberá estar finalizada o día 1.06.2015, salvo que a sinatura do contrato se demorase por causas non imputables ó contratista. Por circunstancias especiais que así o requiran, o Concello poderá variar este prazo sen que o contratista poda esixir contraprestación algunha por tal motivo.

6.2.- MANTEMENTO

Dende a instalación do balizamento ata a súa completa retirada das praias, correrá a cargo del contratista o seu MANTEMENTO PREVENTIVO, que consistirá nun recoñecemento periódico das instalacións e dos seus elementos, comprobándose o estado xeral do balizamento, número e estado das boias, a súa aliñación, perda, tensado de cordadas, cadeas, grilletes, cabos, anclajes e fondeos e limpeza de incrustacións.

Así mesmo levará a cabo o MANTEMENTO CORRECTIVO URXENTE das instalacións, que englobará todas aquelas actuacións motivadas por avisos de perdas de elementos, roturas, revisións tras temporales e, en xeral, calquera actuación necesaria para a reposición ou substitución dos elementos danados ou desgastados, de forma que o balizamento permaneza en perfecto estado durante toda a tempada estival, e nun máximo de 48 horas dende o aviso.

O prazo para o mantemento tanto preventivo como correctivo comezará no mesmo momento en que se termine a instalación dunha praia, e finalizará no momento en que se proceda á súa retirada. Por circunstancias especiais que así o requiran, o Concello poderá variar este prazo sen que o contratista poda esixir contraprestación algunha por tal motivo.

6.3.- RETIRADA, LIMPEZA E ALMACENAMENTO

Finalizada a tempada estival, procederase a retirar o balizamento existente en cada praia, extraéndose todos os elementos que o compoñen. A data que se establece para fin de tempada de baño e principio da retirada do balizamento é o 30.09.2015.

Unha vez retirados todos os elementos, procederase á súa comprobación, limpeza e almacenamento. A limpeza das boias farase mediante auga doce a presión, cepillo e espátula. Os elementos metálicos serán endulzados e engraxados.

Unha vez limpos e debidamente preparados todos os elementos deberán ser transportados para o seu almacenamento aos depósitos que o contratista poña a disposición do Concello de Cangas. A colocación dos elementos retirados no almacén ou almacenes que se dispoñan ao efecto realizarse de xeito que sexa posible mediante inspección visual por conteo de todos eles e a comprobación do dito inventario pola Dirección Facultativa.

A custodia do material almacenado correrá a cargo do contratista, incluíndo os custes do seguro anual por roubo que cubra o 80% do custo total de adquisición, así como todos aqueles derivados do alugueiro de locais, consumos (auga, electricidade, servizos municipais), permisos e licencias.

Á finalización do contrato, o contratista deberá entregar ao Concello a totalidade do material instalado, cun inventario detallado e valorado do mesmo. A dita entrega polo contratista, realizarase nos depósitos que a tal efecto estableza o Concello de Cangas, na data e hora que se notifique á empresa contratista, correndo esta última co custe da súa carga, transporte, descarga e entrega. En caso de que a perda, merma ou deterioro do material inventariado e entregado finalmente supere el 10% do total, a empresa contratista deberá repoñer o mesmo ou do contrario incurrirá en penalidade, cubréndose a mesma con cargo á fianza definitiva depositada pola empresa contratista no Concello.

CLÁUSULA 7ª.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

O adxudicatario ven obrigado é executar o contrato con estrita suxeición a este prego técnico, ao de cláusulas administrativas particulares, ás condicións propostas na súa oferta, ás ordes que no seu caso reciba do órgano de contratación ou dirección facultativa do contrato en quen delegue, e á lexislación vixente.

O adxudicatario disporá de todo o persoal necesario así como cantos medios técnicos e vehículos sexan necesarios para a correcta prestación do servizo en calquera tipo de circunstancia. Será obriga do adxudicatario uniformar, ao seu cargo ao seu persoal, debendo levar permanentemente unha placa identificativa colocada en lugar visible.

Así mesmo, deberá cumprir coa normativa en materia de seguridade laboral e prevención de riscos laborais respecto do seus empregados e das actuacións a realizar, podendo ser obxecto de penalidades en caso de incumprimento.

Á finalización dos traballos de retirada dos elementos do balizamento, e unha vez almacenados nas súas dependencias, o contratista realizará un informe con desglose do material retirado e o seu estado de cara á tempada seguinte. O dito informe entregarase no rexistro xeral do Concello.

O adxudicatario deberá garantir a custodia do material sendo plenamente responsable do seu deterioro, perda roubo ou calquera outra incidencia que se produza, para o cal deberá ter subscritos os seguros obrigatorios, así como un seguro que cubra as responsabilidades que se deriven da execución do contrato.

O adxudicatario queda obrigado á subscrición dun seguro que dea cobertura ó risco de roubo do material instalado nas praias ou almacenado no seu local que cubra como mínimo o 80% do custo total de adquisición.

O contrato executarase a risco e ventura do adxudicatario.

CLÁUSULA 8ª.- CONTROL DOS TRABALLOS

O órgano de contratación poderá designar unha persoa encargada de supervisar a correcta execución do contrato.

CLÁUSULA 9ª.- PAGO DE PREZO

A facturación da prestación do servizo contratado realizarase en dous tramos. O contratista poderá presentar unha primeira factura polos traballos realizados unha vez instalado o balizamento en tódalas praias, e a segunda factura unha vez proceda a retirar, limpar e almacenar todo o material utilizado.

Así mesmo, en calquera momento o Concello poderá solicitar a documentación xustificativa de que os traballadores asignados ao contrato percibiron as súas retribucións e a empresa está ao corrente coas súas obrigas de Seguridade Social respecto dos traballadores.

Como requisito previo para o pagamento, as factura presentadas polo adxudicatario serán conformadas polo responsable técnico que designe o Concello, o cal controlará a calidade dos servizos realizados.

O Concello de Cangas non recoñecerá ningún traballo realizado fóra das condicións estipuladas no contrato suscrito coa empresa adxudicataria que non conte co CONFORME previo do Concello, aínda cando fora solicitado por calquera persoa dependente laboralmente do Concello, non facéndose cargo en consecuencia, dos gastos que se producisen, polo que no se poderá proceder á súa facturación.

DILIXENCIA.- Esténdoa eu, como Secretaria Xeral, para facer constar que o presente prego que consta de 7 páxinas esta incluída, todas elas rubricadas por min e seladas co selo da Secretaría deste Concello, foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 20.04.2015

*Cangas, 20 de abril de 2015
A SECRETARIA XERAL
Asdo.: Berta Alonso Soto."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación do expediente de contratación do servizo de balizamento das praias do Concello de Cangas.

C) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "PAVIMENTACIÓNS PINTÉNS E MENDUÍÑA"

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 20.4.15, referente a aprobación do expediente de contratación da obra "PAVIMENTACIÓNS PINTÉNS E MENDUIÑA", que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA 'PAVIMENTACIÓNS PINTÉNS E MENDUIÑA'

Vista a Providencia da Alcaldía do día 15.04.2015, pola que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato de obra 'PAVIMENTACIÓNS PINTÉNS E MENDUIÑA', financiada con cargo a unha subvención concedida polo AGADER no marco do 'Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-15'.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta licitación.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra 'PAVIMENTACIÓNS PINTÉNS E MENDUIÑA', xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o procedemento de licitación e que constan anexos a este acordo.

Segundo.- Autorizar, polo importe de CIENTO CINCO MIL SEISCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (105.643,89 €), o gasto que para este concello representa esta contratación, con cargo á aplicación orzamentaria 453.619 do vixente orzamento municipal aprobado para o exercicio 2015.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento negociado sen publicidade, debendo invitar a polo menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención."

A N E X O:

"PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DA OBRA 'PAVIMENTACIÓNS PINTÉNS E MENDUIÑA'

I. - ELEMENTOS DO CONTRATO

CLÁUSULA 1ª.- Obxecto do contrato

CLÁUSULA 2ª.- Necesidades administrativas a satisfacer

CLÁUSULA 3ª.- Valor estimado, prezo do contrato e revisión de prezos
CLÁUSULA 4ª.- Existencia de crédito e financiamento do contrato
CLÁUSULA 5ª.- Órgano de contratación
CLÁUSULA 6ª.- Réxime xurídico do contrato e documentos que teñen carácter contractual
CLÁUSULA 7ª.- Prazo de execución
CLÁUSULA 8ª.- Capacidade para contratar
CLÁUSULA 9ª.- Solvencia económica e financeira, e solvencia técnica ou profesional
9.1.- Solvencia económica e financeira
9.2.- Solvencia técnica ou profesional
CLÁUSULA 10ª.- Garantías
CLÁUSULA 11ª.- Consulta do expediente e perfil do contratante

II.- PROCEDIMIENTO DE LICITACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 12ª.- Procedemento de adxudicación
CLÁUSULA 13ª.- Presentación de ofertas e documentación
CLÁUSULA 14ª.- Mesa de contratación
CLÁUSULA 15ª.- Cualificación da documentación xeral e apertura de proposicións
CLÁUSULA 16ª.- Criterios de adxudicación
CLÁUSULA 17ª.- Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados
CLÁUSULA 18ª.- Requirimento previo á adxudicación do contrato
18.1.- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos
18.2.- Documentación necesaria para a adxudicación do contrato
CLÁUSULA 19ª.- Adxudicación e formalización

II.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 20ª.- Programa de traballo, plan de seguridade e saúde e de xestión de residuos
CLÁUSULA 21ª.- Execución do contrato
CLÁUSULA 22ª.- Abonos ao contratista
CLÁUSULA 23ª.- Facturación electrónica
CLÁUSULA 24ª.- Obrigas do adxudicatario
CLÁUSULA 25ª.- Modificación do contrato
CLÁUSULA 26ª.- Subcontratación
CLÁUSULA 27ª.- Cesión do contrato
CLÁUSULA 28ª.- Resolución do contrato
CLÁUSULA 29ª.- Penalidades por incumprimento
CLÁUSULA 30ª.- Cumprimento do contrato
CLÁUSULA 31ª.- Recepción da obra, prazo de garantía, liquidación do contrato e devolución da garantía
CLÁUSULA 32ª.- Carteis e sinais
CLÁUSULA 33ª.- Gastos
CLÁUSULA 34ª.- Xurisdición

ANEXOS

I.- CADRO RESUMO

II.- DESCRICIÓN DAS MELLORAS QUE PODERÁN OFERTAR OS LICITADORES

III.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

IV.- MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

V.- MODELO DE CERTIFICADO DE ENTIDADE FINANCEIRA (solvenza económica)

VI.- MODELO DE AVAL

I.- ELEMENTOS DO CONTRATO

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a execución da obra consistente na pavimentación dos seguintes viais: Baixada a Castiñeiras (en Pinténs), Rúa do Cancelo (O Hio) e Rúa do Outeiro (en Mendiúña) que se executará conforme ao proxecto técnico redactado polo arquitecto municipal Alfonso Lage Pérez.

Codificación do obxecto do contrato:

- CNAE: 45.2*
- CPV: 45233200-1: traballos diversos de pavimentación.*

CLÁUSULA 2ª.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER

Con este contrato satisfaranse as necesidades que se describen nas memorias do proxecto, mediante a execución das obras descritas no mesmo que se definen nos planos, e coas características e calidades que se recollen no PPT e no orzamento.

CLÁUSULA 3ª.- VALOR ESTIMADO, PREZO DO CONTRATO E REVISIÓN DE PREZOS

3.1.- O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 87.309,00 €, de acordo co disposto no artigo 88-TRLCSLP o cal dispón que o valor estimado dos contratos virá determinado polo importe total sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).

3.2.- Establécese como prezo do contrato a cantidade de 105.643,89 € (21% de IVE incluído) no que se consideraran incluídos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego, como son os gastos financeiros, beneficios, seguros, transportes e desprazamentos, e honorarios do persoal ao seu cargo que realice os traballos.

3.3.- O prezo de contratación desta obra non poderá ser obxecto de revisión de prezos.

CLÁUSULA 4ª.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E EXISTENCIA DE CRÉDITO.

Esta obra finánciase con fondos propios do Concello de Cangas e unha subvención concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural e do Mar mediante Resolución do director xeral de data 9.04.2015, que foi notificada a este Concello o día 14.04.2015 (registro entrada n.º 4795).

Subvención AGADER

Orzamento aceptado 85.992,08 €

Achega municipal

TOTAL IMPORTE OBRA

Distribución por fondos

FEADER 75% 64.494,06 €

MARM 12,13% 10.430,84 €

AGADER 12,87% 11.067,18 €

TOTAL 85.992,08 € 19.651,81 € 105.643,89 €

Consta suficiencia do crédito achegado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural imputado á aplicación orzamentaria 12-A1-712A-7600 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Respecto a existencia de crédito municipal, as obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2015.453.619.01, segundo se fai 2.01.2015 (N. asento: 001122).

CLÁUSULA 5ª.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación que actúa en nome do Concello de Cangas é a Xunta de Goberno Local en virtude das facultades que lle foron conferidas mediante Resolución da Alcaldía de data 16.06.2011.

Este órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que xurdan na súa execución, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta con suxeición á normativa aplicable. Os acordos, previo informe xurídico que a este respecto se emita, serán inmediatamente executivos sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

Nos procedementos que se instrúan para a adopción dos acordos relativos á interpretación, modificación e resolución do contrato deberá darse audiencia ao contratista.

CLÁUSULA 6ª.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO E DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL

O presente contrato, de natureza administrativa cualifícase como de obras (artigo 6-TRLCSP) e rexeráse polo disposto neste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, os licitadores e, no seu momento a empresa adxudicataria.

Terán carácter contractual, os seguintes documentos:

- O presente prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- O prego de prescricións técnicas (PPT).*
- A oferta do adxudicatario.*
- O documento no que se formalice o contrato.*
- Os planos.*
- A memoria do proxecto co contido que se determina no artigo 128 do RXLCAP.*
- O programa de traballo aceptado polo órgano de contratación.*
- Os cadros de prezos.*

No non previsto neste prego o contrato rexeráse polas seguintes normas:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.*
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP) no que non se opoña ó TRLCSP e ó RD 817/09.*
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local.*

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista do seu cumprimento.

En caso de discrepancia entre os distintos documentos contractuais non salvable por unha interpretación sistemática dos mesmos, prevalecerá o establecido neste prego de cláusulas administrativas particulares, salvo que se deduza que se trata dun evidente error de feito ou aritmético.

CLÁUSULA 7ª.- PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo máximo de execución da obra é de 70 días. O prazo de execución comezará o día seguinte ao de formalización da acta de comprobación do replanteo da obra. Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a previa formalización do mesmo. No caso dos contratos declarados urxentes o prazo de inicio da súa execución non poderá ser superior a 15 días hábiles contados desde a formalización. De excederse este prazo, o contrato poderá ser resolto salvo que o atraso se deba a causas alleas á Administración contratante e ó contratista, e así se fixera constar na correspondente resolución motivada (artigo 112.2 do TRLCSP).

O prazo de execución só se prorrogará cando o órgano de contratación así o aprobe, sempre que concorran os requirimentos esixidos pola lexislación vixente e con petición previa do contratista co informe favorable do director de obra.

No caso de prórroga proposta pola dirección da obra o órgano de contratación terá que aprobar o expediente pertinente que implica a modificación.

INCUMPRIMENTO DO PRAZO DE EXECUCIÓN

Unha vez incumplido o prazo o contratista incorre automaticamente en demora, podendo o Concello optar entre a imposición de penalidades ou a resolución do contrato no caso de que as penalidades acaden o 5% do prezo.

As penalidades diarias serán cuantificadas na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 € do prezo de adxudicación. Poderase facer efectivo por algún dos seguintes procedementos: retención ou dedución nas certificacións de obra, con cargo á garantía definitiva, ou pola vía executiva, unha vez finalizado o prazo de ingreso voluntario.

Coa imposición de penalidades ampliarase o prazo de execución da obra a proposta do director/a da mesma, para a súa correcta finalización. Esta imposición non exclúe e é compatible coa indemnización de danos e prexuízos causados ó Concello pola demora na execución imputable ó contratista.

CLÁUSULA 8ª.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Poderán concorrer a esta licitación por si ou por medio de representantes autorizados, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, e cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que ademais non se atopen incursas nunha prohibición de contratar (art. 60-TRLCSP), e acrediten a súa solvencia económica e financeira, e técnica ou profesional.

CLÁUSULA 9ª.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA

9.1.- SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA:

Deberase acreditar unha cifra media de negocio dos traballos realizados pola empresa nos últimos 3 anos, igual ou superior á do orzamento total do contrato, IVE incluído.

Poderase acreditar por algún dos seguintes supostos:

a) Informe de institución financeira asinado por persoa con competencia para emitilo, que acredite que o licitador é solvente economicamente para afrontar este contrato, no que deberá facer referencia expresa ao custe e nome do contrato (inclúese modelo no Anexo V).

b) No caso de entidades con personalidade xurídica propia (sociedades mercantís): as contas anuais (conta de perdas e ganancias) dos 5 últimos anos presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda e/ou os modelos 200 (declaración-liquidación do Imposto sobre Sociedades) dos 3 últimos anos.

c) No caso de titulares de actividades económicas no ámbito do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF):

c.1.- Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación directa normal ou simplificada:

-Libro de rexistro de vendas e ingresos dos últimos 3 anos (debendo estar debidamente legalizados para aqueles que teñan a dita obriga).

-Modelo 390 (declaración resumo anual IVE) dos 3 últimos anos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do IRPF) dos últimos 3 anos.

c.2.- Empresarios e profesionais con tributación so IRPF mediante o método de estimación obxectiva:

- Libro de rexistro de vendas e ingresos dos últimos 3 anos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do IRPF) dos últimos 3 anos.

- Declaración responsable asinada polo responsable legal que acredite que o libro de rexistro de vendas e ingresos reflicte a imaxe fiel da actividade económica da empresa. No caso de non dispor do libro de rexistro de vendas e ingresos, a declaración debe acreditar que o rendemento neto da actividade reflicte a imaxe fiel da actividade económica da empresa.

9.2.- SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL:

Establécese como requisito mínimo de solvencia técnica a acreditación de ter executado obras nos últimos 5 anos por valor igual ou superior ó orzamento deste contrato.

Para acreditar a solvencia técnica poderanse achegar:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e foron levadas normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

c) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante o tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

d) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

Para acreditar a solvencia esixida para a celebración deste contrato, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas sempre e cando xustifique que para a execución de mesmo, dispón dos referidos medios, debendo nestes casos achegar certificado emitido polo órgano de dirección da empresa que preste a citada solvencia, acreditativo de tal circunstancia. Só poderá completarse mediante este mecanismo a solvencia técnica ou profesional. En todo caso só se poderá prestar solvencia a un licitador (artigo 63-TRLCS).

** Especialidades de solvencia en relación coas unións temporais de empresarios:*

Cada un dos empresarios que a compoñan deberán acreditar a súa capacidade de obrar e solvencia, conforme cos apartados anteriores. En todo caso, aos efectos de acreditar a solvencia económica e financeira, e técnica, permitirase a acumulación sempre que todas e cada unha das empresas que integran a unión temporal, acrediten ter executados contratos do mesmo tipo.

CLÁUSULA 10ª.- GARANTÍAS

- *Provisional: non se esixe.*
- *Definitiva: 5% do prezo do contrato (IVE excluído).*

O órgano de contratación requirirá á empresa licitadora que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que tivese recibido o requirimento, constitúa garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do importe de adxudicación (IVE excluído), de acordo co artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a entidade licitadora retira a súa oferta.

A citada garantía poderá constituírse en efectivo ou en valores de débeda pública, mediante aval ou mediante contrato de seguro de caución, de acordo co disposto no artigo 96 do TRLCSP e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP.

A garantía definitiva responderá dos seguintes conceptos:

- *Das penalidades impostas ao/á contratista conforme o artigo 212 do TRLCSP.*
- *Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á Administración pola demora do/da contratista no cumprimento das súas obrigas e dos danos e prexuízos ocasionados ao Concello con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.*
- *Da incautación que poida decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co establecido no TRLCSP.*

En caso de que se fagan efectivas penalidades ou indemnizacións esixibles á adxudicataria sobre a garantía, esta deberá repoñer ou ampliar aquela na contía que corresponda no prazo de 15 días desde a execución, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que non se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato. Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultasen responsabilidades, devolverase a garantía constituída ou cancelarse o aval ou seguro de caución.

CLÁUSULA 11ª.- CONSULTA DO EXPEDIENTE E PERFIL DO CONTRATANTE

11.1.- O prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e o proxecto de obra, xunto cos demais documentos que integran o expediente, estarán a disposición dos licitadores na Secretaría Xeral do Concello de Cangas (oficina apoio xurídico), de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas ata o momento en que finalice o prazo de presentación de proposicións.

11.2.- Esta licitación publicárase no perfil do contratante e o acceso público efectuarase a través do portal da web do Concello de Cangas (www.cangas.org).

II.- PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

CLÁUSULA 12ª.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade en aplicación dos artigos 169, 171, 177.2, e 178.1 do TRLCSP, debendo solicitar ofertas polo menos a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que elo fose posible.

A tramitación do expediente poderá ser:

- Ordinaria, conforme o disposto no artigo 109-TRLCSP*
- Urxente, segundo o previsto no artigo 112-TRLCSP; neste caso deberá constar no expediente a resolución pola que se declara e motiva esta clase de tramitación. A tramitación urxente suporá a redución de prazos na forma sinalada nos artigos 112 e 144 do TRLCSP.*

CLÁUSULA 13ª.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS E DOCUMENTACIÓN

13.1.- PRAZO: O prazo para que os licitadores acheguen ás súas ofertas será de 5 días hábiles contados dende o seguinte ó da recepción da invitación para participar no procedemento.

13.2.- LUGAR: As proposicións dos licitadores presentaranse no Rexistro Xeral do Concello sito na Avda. Castelao n.º 2 de Cangas, en horario de luns a venres de 9:30 a 13:30, sábados de 10:00 a 13:00, e xoves de 16:00 a 19:00.

As proposicións presentaranse unicamente no lugar indicado no parágrafo anterior, sen que sexa válida a presentación noutros rexistros ou dependencias municipais, ou de outras Administracións Públicas (art. 80.2-RXLCAP).

Tamén poderán remitirse por correo; neste caso, de conformidade co sinalado no artigo 84-RXLCAP, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación o mesmo día no que se presente, mediante fax ao número 986.304.850, a remisión da súa proposta. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a solicitude. Non obstante, transcorridos dez días naturais desde a indicada data, sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso (art. 80.4-RXLCAP).

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta [sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de

novembro]. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

13.3.- FORMA DE PRESENTACIÓN: Os contratistas interesados na licitación deberán presentar DOUS sobres distintos, nos que se escribirá de forma lexible e visible, no exterior dos mesmos, os seguintes datos:

- "Sobre A: Documentación Administrativa" ou "Sobre B: Oferta Económica".
- Denominación do contrato: «Oferta para participar na contratación da obra "PAVIMENTACIÓN PINTÉNS E MENDUIÑA"».
- Nome e apelidos do licitador, ou no seu caso, denominación social e nome e apelidos do representante que presenta a oferta.
- DNI ou CIF.
- Enderezo, teléfono, fax e correo electrónico aos efectos de notificacións.
- Os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, deberán facer constar o número de inscrición.

13.4 DOCUMENTACIÓN:

SOBRE «A»: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA: este sobre deberá incluír:

- Declaración responsable subscrita pola persoa que firme a proposición, de acordo co modelo que consta como Anexo III deste prego. Este modelo pode descargarse en formato .pdf para cubrir na web do Concello de Cangas www.cangas.org.
- Copia compulsada do DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso (ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros), da persoa que asine a oferta.
- As empresas estranxeiras achegarán unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponderlle ao licitador. En todo caso, as empresas estranxeiras achegarán

os seus documentos debidamente traducidos de forma oficial ao galego ou castelán.

- *Será opcional para os licitadores a presentación dunha declaración en relación coa confidencialidade da documentación aportada. No caso de ser achegada, a declaración deberá indicar qué debe considerarse como confidencial pola súa vinculación con segredos técnicos ou comerciais.*

SOBRE «B»: OFERTA ECONÓMICA

- *A oferta económica presentarase conforme ao modelo que consta no Anexo IV deste prego.*
- *No caso de que o contratista teña previsto subcontratar parte da obra, deberá facelo constar en documento onde sinalará a súa porcentaxe con respecto á totalidade do contrato e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia, profesional ou técnica, dos subcontratistas ós que se lles vaia encomendar a súa realización.*

CLÁUSULA 14ª.- MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de Contratación será o órgano administrativo que cualificará os documentos achegados e procederá en acto público, á apertura de proposicións elevando a acta con proposta de adxudicación ao órgano de contratación que teña que efectuar a adxudicación do contrato.

O Concello de Cangas ten constituída unha mesa permanente de contratación cuxa composición, a efectos do disposto no artigo 21-RD 817/2009, aparece publicada no perfil do contratante do órgano de contratación (www.cangas.org).

CLÁUSULA 15ª.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E APERTURA DE PROPOSICIÓNS

A Mesa de Contratación que intervirá na presente contratación, procederá a cualificar en acto non público, a documentación achegada no Sobre A. O Presidente ordenará a apertura dos sobres e o/a secretario/a certificará a relación de documentos que figuren nel.

Se a Mesa de Contratación observara defectos ou omisións subsanables na documentación que se inclúe no sobre A, ou necesítase aclaracións sobre a mesma, comunicarao verbalmente aos interesados, sen prexuízo de que esta circunstancia se faga pública a través de anuncios no perfil do contratante do órgano de contratación, concedendo un prazo non superior a 3 días hábiles para que os licitadores corrixan, subsanen ou aclaren a documentación requirida. Do actuado deixarase constancia na acta que ao efecto necesariamente deberá redactarse.

Unha vez emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación achegada, e cualificada toda a documentación, a Mesa de Contratación, procederá a declarar os licitadores admitidos e os rexeitados, indicando as causas do seu rexeitamento.

A proposta de adxudicación feita pola mesa de contratación, non creará ningún dereito a favor do adxudicatario provisional fronte a Administración.

CLÁUSULA 16ª.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

Para a valoración das propostas e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase aos seguintes criterios:

SOBRE B "Oferta Económica"

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

- | | | |
|---|---|----------------------|
| 1 | <i>Melloras ofertadas (sen custe adicional)</i> | <i>Ata 70 puntos</i> |
| 2 | <i>Menor prazo de execución</i> | <i>Ata 25 puntos</i> |
| 3 | <i>Ampliación do prazo de garantía</i> | <i>Ata 5 puntos</i> |

1) Melloras sen custe adicional. Ata 70 puntos

Neste apartado valorarase a execución de melloras sen custe adicional para o Concello. Tan só se poderán ofertar as melloras descritas e valoradas no Anexo II de este prego, que son as seguintes:

- | | | |
|-----|---|------------------|
| 1.a | <i>m² FIRME AGLOMERADO QUENTE D-12 E=5 cm.</i> | <i>40 puntos</i> |
| 1.b | <i>Uds. RECALCE DE TAPAS DE REXISTRO</i> | <i>15 puntos</i> |
| 1.c | <i>ml MARCA VIAL CONTINUA REFLEXIVA 10 cm</i> | <i>15 puntos</i> |

En cada subapartado, a máxima puntuación outorgaráselle ó licitador que oferte maior número de m², m³, ml, ud., etc, segundo corresponda; distribuíndose a puntuación ás restantes ofertas de xeito proporcional aplicando unha regra de tres simple directa.

2) Menor prazo de execución. Ata 25 puntos.

Valorarase a execución da obra nun prazo inferior ó establecido no proxecto (70 días), correspondendo a máxima puntuación á empresa que ofrezca un menor prazo de execución distribuíndose a puntuación ás restantes ofertas de xeito proporcional aplicando unha regra de tres inversa.

3) Ampliación do prazo de garantía. Ata 5 puntos.

Valorarase a ampliación do prazo de garantía, cun tope máximo de 5 anos a maiores do recollido no proxecto. A máxima puntuación atribuirase á oferta con

maior prazo de garantía ofertado, e ao resto de ofertas a puntuación que proporcionalmente lle corresponda mediante regra de tres simple directa.

CLÁUSULA 17ª.- CRITERIOS PARA A CONSIDERACIÓN DE QUE A OFERTA CONTÉN VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

Para determinar o carácter desproporcionado ou anormal do prezo ofertado, (só aplicable no caso de que o prezo fora un criterio de adxudicación), atenderase ao disposto no artigo 85-RXLCAP, considerando temerarias aquelas ofertas que se atopan nos supostos indicados nese artigo.

O carácter desproporcionado ou temerario da oferta analizarase á vista dos informes que sobre este extremo, poidan emitir os técnicos municipais. Antes da emisión deste informe solicitarase da empresa ofertante a xustificación da viabilidade da súa proposta no prazo de 3 días hábiles, xustificación que deberá emitirse nos termos sinalados no artigo 152.3-TRLCSP e sobre a que, necesariamente se pronunciarán os informes técnicos.

Respecto ás melloras ofertadas, atenderase á posibilidade técnica de execución das mesmas co orzamento económico que se oferta, tendo en conta para elo os cálculos de custes (de persoal e materiais) correntes no mercado, e as explicacións que puidera dar o licitador incurso nesta presunción de temeridade.

O órgano de contratación, á vista das explicacións do licitador e do informe técnico, declarará que a oferta non poderá ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores desproporcionados ou anormais, cando o custe das mellores sinaladas na oferta supoña a imposibilidade de obter beneficio de ningún tipo coa execución das mesmas. A efectos desta valoración, poderase considerar a relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

A Mesa de Contratación, de acordo co artigo 22.1.f) do RD 817/2009, tramitará o procedemento sinalado i efectuará proposta de declaración como anormal ou desproporcionada, correspondendo esta declaración como tal, e a súa exclusión da licitación, ao órgano de contratación no momento de realizar a adxudicación, de conformidade co artigo 152.4-TRLCSP.

CLÁUSULA 18ª- REQUIRIMENTO PREVIO Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Recibida a proposta de adxudicación realizada pola Mesa de Contratación, o órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición economicamente máis vantaxosa mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, ou declarar deserta a licitación motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste Prego.

En todo caso, o órgano de contratación requirirá á empresa coa oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que tivera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

18.1.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS:

De conformidade co disposto no artigo 146-TRLCSP (modificado pola Lei 14/2003, do 27 de setembro de apoio ao emprendedor) deberá presentar:

18.1.A).- Documentación acreditativa da capacidade de obrar:

- *Empresario individual: copia compulsada do DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros.*

- *Persoas xurídicas:*

- o *Copia da tarxeta do Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada.*

- o *Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non ser esixible, achegarse escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.*

- *Empresas comunitarias: A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas ou mediante a presentación das certificacións que se indican no apartado 2 do anexo I do RXLCAP (artigo 9-RXLCAP).*

- *Resto de empresas estranxeiras: Os empresarios estranxeiros non comunitarios deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar do domicilio da empresa, no que se faga constar previa acreditación por parte da empresa, que figura inscrita no rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou no seu defecto, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.*

Ademais deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente de España ou da Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía e Facenda sobre a condición de estado signatario do

Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, nos casos previstos no RXLCAP.

- *Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias e non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois. As empresas estranxeiras deberá presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante (artigo 146.1.d -TRLCS).*

- *Unións Temporais de Empresas: no caso de concorreren á licitación varias empresas constituíndo unha unión temporal, cada unha de elas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriben a proposición, participación de cada unha de elas designando a persoa ou entidade que durante a vixencia do contrato ha de desempeñar a representación da UTE ante a Administración, e compromiso de constituírse formalmente en UTE en caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59-TRLCSP.*

18.1.B) Documentos acreditativos da representación: se o asinante da proposición actúa en calidade de representante do licitador deberá achegar:

- Copia compulsada notarial ou administrativamente do documento que acredite a personalidade deste representante (DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros).

- Copia compulsada notarial ou administrativamente da escritura de poder de representación, ou no seu caso, das escrituras notariais de constituicións ou modificación estatutarias ou elevación dea cordos sociais, onde conste que está habilitado para concorrer á celebración de contratos coas Administracións Públicas.

18.1.C) Bastanteo de poderes:

As escrituras ás que se refire o apartado anterior deberán presentarse debidamente bastanteadas pola Secretaria Xeral da Corporación ou fedatario público, cunha antigüidade non superior a 6 meses.

18.1.D) Documentación acreditativa da solvencia:

Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira de acordo co disposto na cláusula 10.1 deste prego.

Documentación acreditativa da solvencia técnica de acordo co disposto na cláusula 10.2 deste prego.

18.1.E) Alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE):

Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo acompañado dunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

18.1.F) REXISTRO DE CONTRATISTAS

De acordo co disposto no artigo 83-TRLCSP, a documentación relacionada anteriormente poderá substituírse pola presentación do certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores i Empresas Clasificadas do Estado ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia regulado por Decreto 262/2001, do 20 de setembro (D.O.G. n.º 200 do 16 de outubro de 2001), sempre e cando o dito certificado inclúa os anteditos datos, e debendo acompañar á dita certificación dunha declaración responsable na que o licitador manifeste que as circunstancias contidas na certificación presentada non variaron (art.146.3-TRLCSP).

En todo caso, os licitadores que presenten esta certificación deberán presentar ademais do certificado, unha fotocopia compulsada do DNI da persoa que presenta a oferta.

18.2.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO:

De conformidade co disposto no artigo 151.2-TRLCSP deberá presentar:

- Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatais e autonómica) e coa Seguridade Social.*
- Xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación por calquera dos medios a que se refire o artigo 96-TRLCSP.*
- Xustificante de ter aboado os gastos do anuncio de licitación, no seu caso.*

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no presente prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. En todo caso, na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo no que debe formalizarse o contrato conforme ao artigo 153-TRLCSP.

CLÁUSULA 19ª.- ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN

19.1.- ADXUDICACIÓN:

Recibida a documentación requirida, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación (art. 151.3-TRLCSP). A adxudicación acordarase en resolución motivada que deberá notificarse aos licitadores e simultaneamente publicarase no Perfil do Contratante do órgano de contratación indicando o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ó artigo 156.3 (art. 151.4-TRLCSP).

A notificación deberá conter en todo caso a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra o acordo de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- En relación aos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimara a súa candidatura.*
- Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.*
- En todo caso o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición que foran determinantes para resultar seleccionada por diante das demais.*

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren neste prego.

19.2.- FORMALIZACIÓN:

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato, cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do contrato deberá efectuarse dentro dos 15 días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no art. 151.4-TRLCSP.

Cando por causas imputables ao contratista non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, sendo trámite preciso a audiencia do interesado e cando se formule oposición polo contratista, o informe do Consello Consultivo de Galicia. En tal suposto procederá a incautación da garantía e a indemnización dos danos e perdas ocasionados.

CLÁUSULA 20ª.- PROGRAMA DE TRABAJO, PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E DE XESTIÓN DE RESIDUOS

PROGRAMA DE TRABAJO:

O contratista deberá presentar no prazo máximo de 30 días contados desde a formalización do contrato, un programa de traballo relativo ós extremos que se indican no artigo 144-RXLCAP.

O programa de traballo non poderá introducir ningunha modificación das condicións contractuais, aínda que poderá propoñer redución no prazo total e modificacións nos prazos parciais de execución de obra, sen que en ningún caso poida supoñer incremento do prezo total do contrato. O órgano de contratación resolverá dentro dos 15 días seguintes á presentación do programa de traballo, podendo introducir na resolución aprobatoria, modificacións ou determinadas prescricións, sempre que non contraveñan as cláusulas do contrato. Unha vez aprobado o programa de traballo incorporárase ó contrato, practicándose, no seu caso, o correspondente reaxuste de anualidades.

PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE:

Formalizado o contrato, o contratista presentará no Rexistro do Concello o Plan de Seguridade e Saúde no traballo, que deberá ser informado polo coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra. Posteriormente o Plan será elevado para a súa aprobación ao Órgano de contratación. En todo caso, o prazo máximo para a aprobación do Plan de seguridade e saúde no traballo será dun mes desde a sinatura do contrato.

Se, por incumprir o contratista os prazos indicados no parágrafo anterior, non fora posible empezar as obras por non recibir autorización para o inicio das mesmas, non poderá reclamar ampliación algunha de prazo por este motivo.

O contratista asumirá a obriga de comunicar a apertura do centro de traballo á autoridade laboral competente, de acordo co establecido no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, modificado polo Real Decreto 337/2010, do 19 de marzo.

CLÁUSULA 21ª.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do replanteo. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais xustificadas, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo feito previamente á licitación, estendéndose esta segunda acta do resultado que será asinada por ambas as partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano que celebrou o contrato (art. 229).

As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que en interpretación técnica deste desen ao contratista o Director facultativo das obras, e no seu caso, o responsable do contrato, nos ámbitos da súa respectiva competencia (Art. 230-TRLCSF). As instrucións de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito no máis breve tempo posible para que sexan vinculantes para as empresas.

No suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato ofertadas polo contratista referente ós materiais ou medios persoais (por exemplo, dedicación dun número determinado de medios humanos ou características especiais dos traballadores ou técnicos ofertados) o Concello poderá penalizar o contratista ata un importe do 10% do orzamento (art. 212.1-TRLCSF).

O contratista indemnizará todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros como consecuencia da realización das obras contratadas (art. 214-TRLCSF).

CLÁUSULA 22ª.- ABONOS AO CONTRATISTA

Os pagamentos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas polo técnico director da obra e aprobadas polo órgano competente. Así mesmo o contratista deberá presentar factura axustada á totalidade dos requisitos esixibles de acordo coa normativa vixente en cada momento. A obra certificada valorarase de acordo aos prezos do Proxecto Técnico e as certificacións terán sempre carácter provisional, quedando suxeitas á medición e certificación que poida facerse na liquidación final, non supoñendo, por tanto, nin aprobación nin recepción das obras que comprendan. As certificacións emitiranse mensualmente aínda que o seu importe sexa 0,00 €.

Conforme ó punto cuarto do artigo 216-TRLCSF, a Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sen prexuízo do prazo especial establecido no artigo 222.4, e, se se demora, deberá aboarlle ao contratista, a

partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días, os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que proceda o inicio do cómputo do prazo para a obriga de aboamento de xuros, o contratista deberá cumprir a obriga de presentar factura ante o rexistro administrativo correspondente, dentro do termo establecido e na forma pertinente, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou da prestación do servizo.

Poderanse verificar abonos a conta, previa petición escrita do contratista por provisións de materiais, instalacións e equipos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, para ese efecto, determinan o artigo 232 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e artigos 155 a 157 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

CLÁUSULA 23ª.- FACTURACIÓN ELECTRÓNICA

Recoñecido o valor legal das facturas emitidas electronicamente no RD 1496/2003, que aproba o Regulamento sobre as obrigas de facturación, e en atención ao previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, coa periodicidade e forma establecida na cláusula anterior referida ao réxime de pagamentos, a presentación das facturas en formato electrónico será obrigatoria para as Sociedades anónimas, sociedades de responsabilidade limitada, as Unións temporais de empresas, as agrupacións de interese económico (Lei 12/1991, de 29 de abril, de Agrupacións de Interese Económico), as agrupacións de interese económico europeas (Regulamento (CEE) nº 2137/85 do Consello, de 25 de xullo de 1985), as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española e para os establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, ao que se encontra adherido o Concello de Cangas son:

Unidade tramitadora: L01360084 INTERVENCION

Oficina Contable: L01360084 INTERVENCION

Órgano xestor: L01360084 ALCALDE/XUNTA DE GOBERNO

CLÁUSULA 24ª.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

— *Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.*

— *O contratista está obrigado a adscribir ou dedicar á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2-TRLCSP).*

— *O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227-TRLCSP para os casos de subcontratación.*

— *Sinalización das obras. O contratista está obrigado a instalar á súa costa, as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles, tanto na devandita zona como nos seus lindes e inmediacións.*

— *O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de Seguridade e Saúde no Traballo.*

— *Gastos exixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de adxudicación até o límite máximo de 1.500 euros da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen. No caso de que o esixa algunha das Administracións que financia a obra, o contratista instalará á súa costa carteis de identificación da obra, coas características que se establezan.*

CLÁUSULA 25ª.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

De conformidade co artigo 105-TRLCSP, sen prexuízo dos supostos previstos na devandita normativa para os casos sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e prórroga do prazo de execución, os contratos do sector público só poderán modificarse cando así se preveise nos pregos de condicións ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do mesmo texto legal.

No resto de casos, se fose necesario que a prestación se executase de forma distinta á pactada inicialmente, deberá procederse á resolución do contrato en vigor e á celebración doutro baixo as condicións pertinentes.

Así, só poderán efectuarse modificacións cando se xustifique a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

- *Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.*

- *Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en*

circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

- *Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.*

- *Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se producise con posterioridade á adxudicación do contrato.*

- *Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.*

CLÁUSULA 26ª.- SUBCONTRATACIÓN

O contratista poderá subcontratar parcialmente a execución da obra ata o límite establecido no artigo 227.2.e)-TRLCSF. Deberá indicarse na oferta (sobre B) a parte que teñan previsto subcontratar, sinalando a súa porcentaxe con respecto á totalidade do contrato e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia, profesional ou técnica, dos subcontratistas ós que se lles vaia encomendar a súa realización.

A subcontratación rexerese polo disposto nos artigos 227 e 228-TRLCSF, considerando:

- *O prazo de antelación para que o contratista comunique por escrito a subcontratación efectiva de parte da prestación será, como mínimo, de 5 días hábiles á data en que haxa de iniciarse a execución do subcontrato.*

- *Deberá achegarse declaración responsable do subcontratista de non atoparse inhabilitado para contratar de acordo co ordenamento xurídico nin incurso nalgún dos supostos do artigo 49-LCSF, con manifestación expresa de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

- *O subcontratista deberá adaptarse na execución do contrato á lexislación que regule as relacións laborais no seno da súa empresa, á normativa aplicable á prestación, e particularmente, aquela en materia de seguridade e saúde no traballo.*

- *Así mesmo, tanto o adxudicatario como o subcontratista deberán observar as obrigas e deberes precisados na Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no Sector da Construción, e na normativa que a desenvolve, (RD 1109/2007, do 24 de agosto), sen prexuízo das especialidades propias da contratación pública (DA 2ª da lei).*

Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación ou o límite máximo especial establecido para a subcontratación imponse a penalidade regulada no artigo 227.3, con suxeición ao seguinte:

- Farase mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 212.8-TRLCSP.

- Como regra xeral, a súa contía será un 5% do importe do subcontrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá acadar ata un 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

Os subcontratistas non terán en ningún caso acción directa fronte ó Concello polas obrigas contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

CLÁUSULA 27ª.- CESIÓN DO CONTRATO

Procederá a cesión do contrato de conformidade co disposto no artigo 226-TRLCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais a contar dende a autorización expresa da cesión polo órgano de contratación. A non constitución da garantía dentro do dito prazo poderá dar lugar á resolución do contrato.

CLÁUSULA 28ª.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Son causas de resolución as sinaladas nos artigos 223 e 237 da LCSP cos efectos previstos no 225 e 239. Acordarase a resolución do contrato, no caso de que proceda, polo órgano de contratación previo informe xurídico emitido para o efecto e audiencia do contratista, efectuándose a liquidación que proceda, e tramitándose de conformidade co procedemento recollido no artigo 109 RXLCAP.

A demora na execución do contrato que poda supoñer a perda da subvencións ou axudas outorgadas a este fin, será causa de resolución expresa, independentemente das indemnizacións por danos e prexuízos que se puideran derivar.

CLÁUSULA 29ª.-PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO

1.- Penalidades por demora na execución.

En caso de que o contratista incorrese en demora no prazo total ou parcial do contrato por causas imputables ó mesmo, o órgano de contratación sen

necesidade de intimación previa, poderá impoñer penalidades diarias na proporción de 0,20 € por cada 1000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por mora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato o órgano de contratación estará facultada para proceder á resolución do contrato, con perda da garantía definitiva e indemnización dos danos e perdas ocasionados á Administración, no que exceda do importe da garantía incautada, ou acordar a continuidade do contrato con imposición de novas penalidades.

Se a demora fose por causas non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir os seus compromisos, o órgano de contratación prorrogaralle o prazo nun tempo igual polo menos ao tempo perdido, salvo que o contratista solicítase outro menor.

2.- Penalidades por execución deficiente do contrato.

As infraccións que cometa o contratista na execución do contrato poderán ser cualificadas como moi graves, graves e leves.

Terán a consideración de FALTAS MOI GRAVES as seguintes:

a. A paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto deste contrato imputable ó contratista, por un prazo que exceda de 72 horas salvo nos supostos de folga non imputables ó contratista ou forza maior.

b. A execución manifestamente irregular das obras.

c. A cesión, subarrendo ou traspaso en todo ou en parte das obras contratadas, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do órgano de contratación, sen prexuízo das prestacións de carácter accesorio que autoriza a normativa vixente de aplicación.

d. O incumprimento das obrigas laborais, das de Seguridade Social e de todas aquelas correspondentes a lexislación de seguridade e saúde laboral.

e. A utilización de sistemas de traballo, elementos, materiais, máquinas ou persoal diferentes ós previstos nos pregos e nas ofertas dos contratista.

f. A modificación do programa de execución das obras sen previa autorización municipal.

g. A acumulación de dúas faltas graves dentro dun período de doce meses, se denunciada e sancionada a primeira se incorrese a segunda.

As faltas moi graves sancionaranse con multa comprendida entre o 6,01 % e o 10% do orzamento do contrato ou rescindir o contrato, previa a tramitación do correspondente expediente administrativo, con audiencia ó contratista.

Terán a consideración de FALTAS GRAVES as seguintes:

- a. O atraso na execución das obras de forma non reiterada nin sistemática.*
 - b. A interrupción das obras por calquera causa que sexa por un prazo non superior ás setenta e dúas horas, agás no caso de folga legal ou forza maior.*
 - c. A inobservancia das prestacións sanitarias ou incumprimento de ordes sobre evitación de situacións insalubres, perigosas ou que provoquen incomodidades.*
 - d. A desobediencia por dúas ou máis veces, das ordes dadas por escrito ó adxudicatario pola Administración municipal.*
 - e. A contratación de persoal a través de empresas de traballo temporal de xeito habitual e sen que medien causas excepcionais autorizadas polo Concello.*
 - f. A reiteración na comisión de faltas leves, sempre que sexan da mesma natureza.*
- As faltas graves sancionaranse con multa comprendida entre o 3,01% e o 6,00% do orzamento do contrato.*

Terán a consideración de FALTAS LEVES:

- a. A imperfección non reiterada na execución das obras.*
- b. O atraso ocasional e polo menos dun día na execución das obras.*
- c. Calquera outro incumprimento non cualificado de falta grave ou moi grave.*
- d. Falta de respecto ao público, ós inspectores dos servizos técnicos municipais ou axentes da autoridade.*

As infraccións leves sancionaranse con apercibimento ou imposición de multa de ata o 3,00% do orzamento do contrato.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houberse lugar, como consecuencia dos feitos constitutivos da infracción.

As sancións imporanse previa incoación do correspondente expediente, do que se dará traslado ó adxudicatario por un prazo non inferior a dez días, a fin de que poida formular alegacións e propoñer as probas que estime pertinentes.

A resolución do expediente para a imposición da penalidade administrativa corresponderá ao órgano de contratación. O importe das mesmas farase

efectivo mediante dedución das mesmas nas correspondentes facturas, respondendo en todo caso a garantía definitiva da súa efectividade.

3.- Outras penalidades.

Poderán impoñerse penalidades de ata o 50% do importe do subcontrato para as infraccións ou incumprimentos sinalados no artigo 227.3 LCSP.

CLÁUSULA 30ª.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción do Concello, o seu obxecto e unha vez recibidas as obras, de conformidade co disposto no artigo 222-TRLCSP.

Sempre que por razóns excepcionais de interese público debidamente motivadas no expediente o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sen o cumprimento do acto formal de recepción, dende que concorran ditas circunstancias produciranse os efectos e consecuencias propias do acto de recepción.

CLÁUSULA 31ª.- RECEPCIÓN DA OBRA, PRAZO DE GARANTÍA, LIQUIDACIÓN DO CONTRATO E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA

31.1.- RECEPCIÓN E CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA:

O contratista comunicaralle á dirección da obra a data prevista para a terminación da execución do contrato ós efectos de que se poida realizar a recepción, á que concorrerá o responsable do contrato, se foi nomeado, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista, asistido do seu facultativo se o estima oportuno.

Se se atopan as obras en bo estado e de acordo ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta, daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando entón o prazo de garantía.

Cando as obras non se atopan en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o Director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido devandito prazo o contratista non o efectuase, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Recibidas as obras seguirase coa medición xeral polo director de obra con asistencia do contratista, formulándose sobre o resultado a correspondente relación valorada e tramitándose, antes do transcurso de 3 meses desde a recepción, a correspondente certificación final.

En canto á xustificación das melloras, o técnico director da obra acompañará á certificación final, a xustificación da aplicación das melloras ofertadas polo adxudicatario, mediante un informe ó que se engadirá unha relación valorada das distintas unidades de obra con indicación para cada unha delas dos prezos unitarios e totais.

Os excesos de obras que non superen o 10% do contrato, excluído o IVE, deberán ser certificados ó final acompañados dun informe do director de obra que os xustifique.

A dirección de obra achegará á acta de recepción un estado de dimensións e características da obra executada que defina con detalle as obras realizadas tal e como se atopan no momento da recepción, para os efectos de inventario.

31.2.- PRAZO DE GARANTÍA: Establécese un prazo de garantía de UN ANO (salvo que o contratista ofertase un prazo maior) a contar desde a data de recepción das obras. Neste tempo o contratista está obrigado á súa conservación e policía e á reparación dos danos producidos pola defectuosa execución da obra.

31.3.- LIQUIDACIÓN DO CONTRATO E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA: Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo responsabilidade por vicios ocultos, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pago das obrigas pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e prexuízos que se manifesten durante un prazo de quince anos a contar desde a recepción.

CLÁUSULA 32ª.- CARTEIS E SINAIS

O adxudicatario queda obrigado a colocar á súa conta, desde o inicio da obra ata a súa total terminación, un cartel informativo que deberá cumprir coas indicacións de imaxe institucional determinadas no PLAN MARCO aprobado polo

director xeral do AGADER mediante Resolución de data 20.11.2014 no que se aproba o "Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-15".

CLÁUSULA 33ª.- XURISDICIÓN

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos serán resoltas polo órgano de contratación; estas resolucións esgotarán a vía administrativa deixando expedita a vía xurisdiccional contencioso administrativa, segundo o disposto na lei reguladora de dita xurisdición. Non obstante, os interesados poderán interpo-lo recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

ANEXO I

1.- OBXECTO DO CONTRATO:

OBRA: PAVIMENTACIÓN PINTÉNS E MENDUIÑA

PROXECTO: redactado polos técnicos municipais Alfonso Lage Pérez e Antonio Fernández Fandiño.

2.- PREZO DO CONTRATO: CENTO CINCO MIL SEISCENTOS CORENTA E TRES EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS.....105.643,89 €

Orzamento sen IVE:87.309,00 €

IVE (21%):.....18.334,89 €

Revisión de prezos: non procede

Aplicación orzamentaria: 453.619

Financiamento: fondos propios do Concello de Cangas e unha subvención concedida mediante Resolución do director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) de data 9.04.2015 pola , ó abeiro do PLAN MARCO aprobado polo director xeral do AGADER mediante Resolución de data 20.11.2014 no que se aproba o "Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-15".

3.- PRAZO DE EXECUCIÓN: 70 días

4.- PRAZO DE GARANTÍA: 1 ano, a contar desde a data de recepción da obra.

5.- PROCEDemento DE CONTRATACIÓN: NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE

6.- TRAMITACIÓN: ordinaria

7.- GARANTÍAS ESIXIBLES:

Definitiva: 5% do prezo de adxudicación.

8.- CRITERIOS DE VALORACIÓN/ADXUDICACIÓN:

SOBRE B "Oferta Económica"

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

1 Melloras ofertadas: Ata 70 puntos

- a m² FIRME AGLOMERADO QUENTE D-12 E=5cm 40 puntos
 b Uds. RECALCE DE TAPAS DE REXISTRO 15 puntos
 c MI MARCA VIAL 10 CM. 15 puntos
 2 Menor do prazo de execución Ata 25 puntos
 3 Ampliación do prazo de garantía Ata 5 puntos

ANEXO II

DESCRINCIÓN DAS MELLORAS QUE PODERÁN OFERTAR OS LICITADORES

DESCRINCIÓN DAS MELLORAS

UD PREZO PROXECTO

PUNTOS

1.a M² FIRME AGLOMERADO QUENTE D-12 E=5CM

Firme a base de aglomerado en quente tipo D-12 de 5 cm de espesor, medido unha vez estendido e compactado, incluso rega de adherencia con 1 Kg de emulsión tipo ECR-2.

m²

7,67 €

40

1.b RECALCE DE TAPAS

Realce de tapas de rexistro en calzada con dado de formigón HA-25 armado con fibras de aceiro con dosificación 30 kg/m³ e espesor mínimo de 25 cm, incluso sinalización, balizamento, curado e protexido con pranchas de aceiro ancladas ó pavimento durante o fraguado de polo menos cinco (5) días, independentemente do uso obrigatorio de aditivos acelerantes.

Ud.

111,76 €

15

1.c MI. MARCA VIAL 10 CM.

MI. Marca vial reflexiva de 10 cm., con pintura reflectante e microesferas de vidro, con máquina autopropulsada.

MI.

0,98 €

15

ANEXO IV

MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

«D _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/

_____, n.º _____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade

_____, con CIF n.º _____, tendo recibido invitación

para a presentación de oferta na licitación do contrato de obra de "PAVIMENTACIÓN PINTÉNS MENDUIÑA", fago constar que:

Coñezo o prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este contrato e que o acepto integramente, comprometéndome a executar o obxecto do contrato segundo as seguintes condicións:

1.- MELLORAS OFERTADAS:

1.a.-	FIRME	AGLOMERADO	QUENTE	TIPO	D-12	5
cm.						m ²
1.b.-	RECALCE					DE
TAPAS						Uds.
1.c.-	MARCA		VIAL			10
CM						Ml.

2.- PRAZO DE EXECUCIÓN: a obra executarase en _____ días.

3.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA en _____ meses a maiores dos 12 que constan no proxecto.

En _____, a ____ de _____ do 2015

Sinatura do licitador,

Asdo.: _____»

ANEXO IV

MODELO DE INFORME DE INSTITUCIÓNS FINANCEIRAS

Don/a en representación da entidade.....(razón social da entidade fianceira),

INFORMA

Que.....(nome e apelidos da persoa natural ou razón social da persoa xurídica), con DNI/CIF n.º....., e domicilio en....., é cliente deste entidade financeira, e que segundo os datos e antecedentes obrantes na mesma, esta empresa ten a suficiente solvencia económica e financeira para contratar co Concello de Cangas, para executar a obra "PAVIMENTACIÓN PINTÉNS E MENDUIÑA" por importe de 105.643,89 € máis as melloras ofertadas por importe de Euros.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente en a de do 2015.

(firma e selo da entidade financeira).

ANEXO V

MODELO DE AVAL

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), NIF, con domicilio (a efectos de notificacións e requirimentos) na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, e no seu nome (nome e apelidos dos apoderados), con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que se reseña na parte inferior deste documento,

AVALA

A (nome e apelidos ou razón social do avalado), NIF, en virtude do disposto por: (norma/s e artigo/s que impoñe/n a constitución desta garantía) para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido), ante o Concello de Cangas, por importe de: (en letra e en cifra).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Este aval outórgase solidariamente respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e con compromiso de pago ó primeiro requirimento do Concello de Cangas, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos das Administracións Públicas e nas súas normas de desenvolvemento.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de Cangas ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para elo autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido na Lei de Contratos do Sector Público e lexislación complementaria.

(Lugar e data)

(razón social da entidade)

(sinatura dos apoderados)

DILIXENCIA.- Esténdoa eu, como Secretaria Xeral, para facer constar que o presente prego, que consta de 32 páx. esta incluída, todas elas rubricadas por min e seladas co de Secretaría deste Concello, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 20.04.2015

Cangas, 20 de abril de 2015

A SECRETARIA XERAL

Asdo.: Berta Alonso Soto."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación do expediente de contratación da obra "PAVIMENTACIÓN PINTÉNS E MENDUÍÑA".

D) APROBACIÓN DO PROXECTO: ACTUACIÓN DE URXENCIA PARA A MELLORA E AMPLIACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E DE SUMIDOIROS PRESENTADO POLA UTE GESIÓN CANGAS, CONCESIONARIA DA XESTIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS RELACIONADOS CO CICLO INTEGRAL DA AUGA

Dáse conta do informe emitido pola arquitecta técnica municipal o día 31.03.15 en relación ao proxecto "ACTUACIÓN DE URXENCIA PARA A MELLORA E AMPLIACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO DE SUMIDOIROS", que literalmente di o seguinte:

"ASUNTO.- INFORME SOBRE PROXECTOS CICLO DA AUGA

A pedimento da Alcaldía e en relación aos prezos e prazos empregados na elaboración dos proxectos de 'Actuación de urxencia para mellora e ampliación das redes de abastecemento e sumidoiros' e 'Melloras nos bombeos de residuais presentados pola concesionaria do ciclo integral da auga 'UTE Xestión Cangas'.

Revisada a documentación presentada en canto aos temas solicitados, INFORMO:

- Os prezos empregados na redacción dos proxectos deben ser os da base de datos da construción de Galicia, tal como se recolle na cláusula 10 do prego de prescricións técnicas (PPT) do ciclo integral da auga 'Os prezos das unidades de obra serán os que figuran na base de datos de construción de Galicia (Instituto Tecnolóxico de Galicia)'. Deberase achegar estudo comparativo entre partidas dos proxectos e as da base de datos da construción de Galicia, onde se comprobe que os prezos utilizados son os recollidos no BCOGA. Documentación xa solicitada á empresa concesionaria de forma verbal. O Concello non dispón da versión actualizada para poder realizalo.

- Os trazados incluídos de redes de sumidoiros e abastecemento a executar presentan lixeiras diferenzas en canto ao estado actual cos últimos planos actualizados facilitados pola empresa concesionaria anterior.

- Non contempla a totalidade de todas as zonas de necesidades de pequenos tramos sen servizos. Nos viarios que están incluídos nos proxectos das obras de pevimtación inclúense partidas de reposición de firme das gabias abertas, se as obras se van realizar escalonadamente quizá se poida realizar o tapado de gabias coas obras de pavimentación.

- *No tramo de Castiñeiras non se inclúe un pequeno tramo de viario sen saneamento.*
- *Obsérvase que a gabia prevista nas obras de abastecemento é de 1x1 m., algo excesiva, ao meu entender, para aloxar tubaxes cun diámetro máximo de 90 mm.*
- *No proxecto de 'Melloras nos bombeos de residuais' as partidas de descrición das obras a realizar son moi xenéricas sen presentar un estudo detallado de necesidades en cada un dos bombeos de forma individualizada, senón unha partida básica que se aplica en cada un deles.*
- *Enténdese que as deficiencias detalladas en canto a medición e falta de precisión son subsanables na execución de obra coa medición real das obras realizadas.*
- *Os prazos presentados son correctos aínda que se contempla que a orde establecida no calendario (programa de traballo, diagrama de Gant), non se axusta á necesidade de executar primeiro as obras que afectan aos viarios incluídos en diferentes proxectos de pavimentación.*
- *Tamén hai que considerar que a maioría dos tramos contemplados discorren por viarios de acceso ás zonas de praia do municipio. Pódese contemplar a redución de prazos de execución co aumento de cuadrillas pola proximidade de datas á época estival."*

Dáse conta, así mesmo, do informe emitido o día 31.03.15 polo enxeñeiro industrial da empresa "LAGARES", José Antonio González Ferreira ao sinalado proxecto 'ACTUACIÓNS DE URXENCIA PARA A MELLORA E AMPLIACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO DE SUMIDOIROS", que literalmente di o seguinte:

"1.- INTRODUCCIÓN

A UTE 'Xestión Cangas', presentou o proxecto de melloras 'Actuacións de urxencia', que foi analizado pola arquitecta técnica municipal, Carmen Gómez Cancela, e cuxo criterio compartimos."

Aparecen algunhas erratas ao referirse a algúns lugares, faise referencia á lexislación derogada, e algúns outros erros non fundamentais.

2.- CONSIDERACIÓNS SOBRE O PROXECTO

Comprobouse que os prezos empregados na redacción do proxecto, adáptanse con carácter xeral á base de datos da construción de Galicia, concretamente B.D.C.D. (14 edición).

Tamén se verificou que as obras a que se refire o proxecto están incluídas na relación que figura no Apéndice 3.

3.- CONCLUSIONES

As deficiencias en canto a medicións e falta de precisión do proxecto son subsanables na execución da obra, polo que entendemos do mesmo xeito que a arquitecta técnica municipal que se podería iniciar de inmediato."

Visto o disposto nos informes transcritos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

* Aprobar o proxecto "ACTUACIONES DE URXENCIA PARA A MELLORA E AMPLIACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO DE SUMIDOIROS", debendo proceder a UTE "Gestión Cangas" a presentar a documentación sinalada e a realizar ás subsanacións advertidas pola arquitecta técnica municipal no seu informe de 31.03.15.

E) APROBACIÓN DO PROXECTO DE MELLORA NOS BOMBEOS DE RESIDUAIS PRESENTADO POLA UTE GESTIÓN CANGAS, CONCESIONARIA DA XESTIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS RELACIONADOS CO CICLO INTEGRAL DA AUGA

Dáse conta do informe emitido pola arquitecta técnica municipal o día 31.03.15 en relación ao proxecto "MELLORA NOS BOMBEOS DE RESIDUAIS", que presenta a UTE "GESTIÓN CANGAS", que literalmente di o seguinte:

"ASUNTO.- INFORME SOBRE PROXECTOS CICLO DA AUGA

A pedimento da Alcaldía e con relación aos prezos e prazos empregados na elaboración dos proxectos de 'Actuacións de urxencia para mellora e ampliación das redes de abastecemento e sumidoiros' e 'Melloras nos bombeos de residuais presentados pola concesionaria do ciclo integral da auga 'UTE Xestión Cangas'.

Revisada a documentación presentada en canto aos temas solicitados, INFORMO:

- Os prezos empregados na redacción dos proxectos deben ser os da base de datos da construción de Galicia, tal como se recolle na cláusula 10ª do prego de prescricións técnicas (PPT) do ciclo integral da auga 'Os prezos das unidades de obra serán os que figuran na base de datos de construción de Galicia (Instituto Tecnolóxico de Galicia)'. Deberase achegar estudo comparativo entre partidas dos proxectos e as da base de datos da construción de Galicia onde se comprobe que os prezos utilizados son os recollidos no BCOGA. Documentación xa solicitada á empresa concesionaria de forma verbal. O concello non dispón da versión actualizada para poder realizalo.

- *Os trazados incluídos de redes de sumidoiros e abastecemento a executar presentan lixeiras diferenzas en canto ao estado actual cos últimos planos actualizados facilitados pola empresa concesionaria anterior.*
- *Non contempla a totalidade de todas as zonas de necesidades de pequenos tramos sen servizos. Nos viarios que están incluídos nos proxectos das obras de pavimentación inclúense partidas de reposición de firme das gabias abertas, se as obras se van a realizar escalonadamente quizá se poida realizar o tapado de gabias coas obras de pavimentación.*
- *No tramo de Castiñeiras non se inclúe un pequeno tramo de viario sen saneamento.*
- *Obsérvase que a gabia prevista nas obras de abastecemento é de 1x1 m. algo excesiva, á miña entender, para aloxar tubaxes cun diámetro máximo de 90 mm.*
- *No proxecto de 'Melloras nos bombeos de residuais' as partidas de descrición das obras a realizar son moi xenéricas sen presentar un estudo detallado de necesidades en cada un dos bombeos de forma individualizada, senón unha partida básica que se aplica en cada un deles.*
- *Enténdese que as deficiencias detalladas en canto a medición e falta de precisión son subsanables na execución de obra coa medición real das obras realizadas.*
- *Os prazos presentados son correctos aínda que se contempla que a orde establecida no calendario (programa de traballo, diagrama de Gant), non se axusta á necesidade de executar primeiro as obras que afectan aos viarios incluídos en diferentes proxectos de pavimentación.*
- *Tamén hai que considerar que a maioría dos tramos contemplados discorren por viarios de acceso ás zonas de praia do municipio. Pódese contemplar a redución de prazos de execución co aumento de cuadrillas pola proximidade de datas á época estival."*

Dáse conta asimesmo do informe emitido o día 31.03.15 e polo enxeñeiro industrial da empresa "LAGARES", José Antonio González Ferreira, ao sinalado proxecto "MELLORA NOS BOMBEOS DE RESIDUAIS", que presenta a UTE "XESTIÓN CANGAS", que literalmente di o seguinte:

"1.- INTRODUCCIÓN.

A UTE 'Xestión Cangas', presentou o proxecto de melloras nos bombeos de residuais, que foi analizado pola arquitecta técnica municipal, Carmen Gómez Cancela, e cuxo criterio compartimos.

Aparecen algunhas erratas ao referirse a lugares que nada teñen que ver co municipio de Cangas, faise referencia a lexislación derogada, e algúns outros erros non fundamentais.

2.- SOBRE O CARÁCTER DO PROXECTO EN RELACIÓN AOS PREGOS QUE REXEN A CONCESIÓN.

Na cláusula 10 aparecen definidas as obras e instalacións por conta do adxudicatario, por remisión ao Apéndice 3, do anteprojecto de explotación.

No apartado 4.4 do citado apéndice cuantifícase en 80.000 euros, a contía destinada a 'Posta a punto e reposicións necesarias nas EBARs'.

En consecuencia da contía total do proxecto 'Mellora nos bombeos de residuais', (175.995,60 euros) unicamente poderanse contabilizar 80.000 €, con cargo aos investimentos obrigatorios por parte do concesionario: 3.483.406,02 euros (que figuraban nos pregos) + 36.040 euros (proposto como mellora).

En todo caso é necesario que o concesionario execute a totalidade de melloras previstas no citado proxecto, en concordancia co establecido na cláusula 11 do PPT:

"CLÁUSULA 11.- EXPLOTACIÓN, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DÁS OBRAS E INSTALACIÓNS ADSCRITAS AO SERVIZO.

O concesionario, estará obrigado á súa costa, á explotación, mantemento, conservación e reparación de todas as instalacións necesarias para a efectiva explotación e prestación do servizo.

O concesionario tomará ao seu cargo as obras e instalacións municipais de abastecemento e rede de sumidoiros, relacionadas no Apéndice I do Anteprojecto de explotación do servizo, nas condicións actuais nas que se entregan, e sobre as que non se poderá efectuar ningunha observación ou reclamación no futuro e será responsable do seu bo funcionamento e conservación, correspondéndolle, polo tanto, a explotación, vixilancia, conservación, mantemento, reparación e reposición destas, así como, as que poidan entregarse nun futuro.

Están incluídas as instalacións eléctricas e mecánicas de todo tipo. Desta forma o concesionario encargarse do pagamento dous consumos enerxéticos, auga, reactivos e os demais derivados da explotación do servizo, así como, os custos e canon segundo as autorizacións outorgadas polos distintos organismos."

3.- CONCLUSIÓN

3.1.- Dos 175.995,60 euros, que resulta o orzamento de execución material do 'Proxecto de mellora na rede de bombeos', débese cuantificar a cargo da partida de investimentos obrigatorios do concesionario, unicamente 80.000,00 euros.

3.2.- De acordo coa cláusula 11 do PPT, o concesionario debe executar a totalidade do proxecto.

3.3.- As deficiencias en canto a medicións e falta de precisión do proxecto son subsanables na execución da obra, polo que entendemos do mesmo xeito que a arquitecta técnica municipal que se podería iniciar de inmediato."

Visto o disposto nos informes transcritos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto "MELLORA NOS BOMBEOS DE RESIDUAIS" que presenta a UTE "GESTIÓN CANGAS", debendo en todo caso procederse pola UTE "Gestión Cangas" a presentar a documentación sinalada e a realizar ás subsanacións advertidas pola arquitecta técnica municipal no seu informe de 31.03.15.

SEGUNDO.- Advertir á UTE "Gestión Cangas" que, dos 175.995,60 euros que resulta do orzamento de execución material do "Proxecto de mellora na rede de bombeos", débese cuantificar a cargo da partida de investimentos obrigatorios do concesionario, unicamente 80.000,00 euros.

F) APROBACIÓN DE ORDENANZA DE PREZOS PÚBLICOS POLOS SERVIZO DA PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CANGAS E INSTALACIÓNS ANEXAS

Dáse conta da Ordenanza de prezos públicos polo servizo da piscina cuberta climatizada municipal do Concello de Cangas e instalacións anexas, que é como segue:

"DOCUMENTACIÓN PREPARATORIA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CANGAS DO MORRAZO

ORDENANZA DE PREZOS PÚBLICOS POLO SERVIZO DA PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CANGAS E INSTALACIÓNS ANEXAS

ARTIGO 1.— FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co previsto no artigo 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e demais normativa concordante de aplicación, este concello establece os prezos públicos pola prestación de servizos da piscina municipal, así como, das instalacións anexas.

ARTIGO 2.— CONCEPTO

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos/as usuarios/as que voluntariamente soliciten ou utilicen os servizos da piscina municipal así como das instalacións anexas.

ARTIGO 3.— OBRIGADOS AO PAGO

Estarán obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza os que soliciten ou utilicen os servizos prestados pola piscina municipal de Cangas, así como, das instalacións anexas a esta.

ARTIGO 4.— TARIFAS

O prezo público que se debe pagar polo disfrute dos servizos da piscina municipal e instalacións anexas, axustarase ás seguintes tarifas:

EPIGRAFE 1º.—ABONAMIENTO MENSUAL

<i>Individual</i>	<i>24,49 €</i>
<i>Familiar (2 membros)</i>	<i>27,27 €</i>
<i>Familiar (3 membros)</i>	<i>34,85€</i>
<i>Familiar (4 membros ou máis)</i>	<i>41,41 €</i>
<i>Reducido (xubilados e discapacitados)</i>	<i>20,85 €</i>
<i>Reducido (baixos ingresos)</i>	<i>16,66 €</i>
<i>Abono individual verán</i>	<i>35,00 €</i>
<i>Cota de mantemento</i>	<i>10,10€</i>

EPIGRAFE 2º.—MA TRÍCULAS:

<i>Individual</i>	<i>30,30€</i>
<i>Cursillista non abonado</i>	<i>20,20 €</i>
<i>Familiar</i>	<i>45,45 €</i>
<i>Reducido</i>	
<i>(xubilados, discapacitados)</i>	<i>25,58 €</i>
<i>Reducido (baixos ingresos)</i>	<i>25,58€</i>

EPIGRAFE 3º.—CURSOS:

<i>Bebés (2 días á semana, 30 minutos)</i>	<i>21,49 €</i>
<i>Premamá (2 días á semana, 30 minutos)</i>	<i>21,49 €</i>
<i>Iniciación (2 días á semana, 30 minutos)</i>	<i>20,20 €</i>
<i>Perfeccionamento (2 días á semana, 30 minutos)</i>	<i>20,20 €</i>
<i>Curso intensivo de verán (10 sesións de 45 min.)</i>	<i>29,00 €</i>
<i>Xinacua (2 días á semana, 45 minutos)</i>	<i>29,00 €</i>
<i>Natación escolar (2 días á semana, 45 minutos)</i>	<i>10,10 €</i>

EPIGRAFE 4º—ACCESOS LIBRES:

<i>Individual</i>	<i>4,28 €</i>
<i>Reducido</i>	<i>2,44 €</i>

EPÍGRAFE 5º.—USO PISTA SQUAS:

<i>Abonados (1 hora)</i>	<i>1€</i>
<i>Non abonados (1 hora)</i>	<i>4€</i>

Os abonos mensuais darán acceso ao ximnasio e ao uso libre da piscina, durante todos os días da semana, durante dúas horas. Os cursos para bebés, premamá e postparto terán unha duración de 30 minutos. O resto de cursos durarán unha hora. En todos os casos trataranse de cursos impartidos dous días a semana. Os bebés poderán acceder aos cursos a partir dos seis meses e ata os 3 anos.

O acceso libre permitirá utilizar tanto a piscina como o ximnasio durante sesenta minutos.

ARTIGO 5º.—NORMAS DE XESTIÓN

- A inscrición para participar rías actividades regulares da piscina municipal, así como, das instalacións anexas, realizarase na propia piscina municipal.*

Aceptada a inscrición, entregárase a cada usuario/a un carné que o acredite como tal.

- Os interesados, no momento de iniciar a prestación dos servizos, procederán ao pago do correspondente prezo público, de conformidade co disposto no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locáis, que admite o depósito previo.*

- O aboamento das tarifas correspondentes realizaranse na propia piscina municipal, previa presentación do carné de usuario, entregándose un documento acreditativo do pago debidamente dilixenciado, que deberá ser conservado e exhibido para disfrutar das actividades. De forma transitoria, inicialmente o pago realizarase en dependencias municipais en horario de atención ao público (9 a 13 h.) de luns a venres.*

- Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo público, o servizo ou actividade non se preste ou desenvolva, procederase á devolución do importe correspondente.*

- As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento.*

- Para poder disfrutar da tarifa reducida recollida no artigo anterior, o usuario deberá atoparse nun dos seguintes casos e posuír a documentación a continuación esixida:*

- *Maiores de 65 anos. Para disfrutar da tarifa reducida deberá constar no carné de usuario/a a circunstancia aducida. O/a usuario/a deberá acreditar ao realizar a inscrición a súa idade mediante a presentación de fotocopia autenticada do seu DNI.*
- *Menores de 18 anos. Para disfrutar da tarifa reducida deberá constar no carné de usuario/a a circunstancia aducida. O/a usuario/a deberá acreditar ao realizar a inscrición a súa idade mediante a presentación de fotocopia autenticada do seu DNI.*
- *Colectivos con baixo nivel de renda. Para disfrutar da tarifa reducida deberá constar no carné de usuario/a a circunstancia aducida. O/a usuario/a deberá acreditar que a totalidades dos ingresos familiares proveñen da RISGA ou outro réxime de protección pública análogo mediante copia autenticada da resolución de concesión en vigor e informe dos servizos sociais do concello.*
- *Cota de mantemento: Os usuarios/as poderán acollerse a esta cota especial durante un mes cada ano natural, sen que poida acumularse. Deberá ser solicitada expresamente polo usuario/a interesado/a, sinalando o período en que desexa utilizala cunha antelación mínima de un mes. Durante a súa vixencia os beneficiarios/as non poderán facer uso das instalacións. As tarifas reducidas non son acumulables, debendo o/a usuario/a acollerse á máis beneficiosa.*

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor aos quince días a contar desde o seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e manterá a vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa ou tácita."

Consta, así mesmo, informe do departamento de Intervención do día 20.4.15.

Votación e acordo: a Xunta de Goberno Local, por maioría dos seus membros presentes co voto en contra do concelleiro, Sr. Bernardino Faro Lagoa, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o acordo regulador do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo concello referido ao servizo da piscina cuberta climatizada municipal do Concello de Cangas e instalacións anexas.

SEGUNDO.- Publicación no Boletín Oficial da Provincia para información pública e audiencia aos interesados/as polo prazo de quince días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO.- No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente